

Novas Turoño

Xornal galego da Área Metropolitana de Vigo

ANO 2 | Edición nº 22 | Outubro de 2017 | PRECIO 0,50 EUROS

Salvaterra solicita
declaración de Zona
Catastrófica

Páxina 13

Mil persoas na Colleita
de Sela

Páxina 14

Porriño estará
cartografiado
dixitalmente

Páxina 16

Outono Cultural en
Tomiño

Páxina 23

Boa acollida da Feira de
Emprego e Formación
en A Guarda

Páxina 25

Novos órganos autárquicos
em Monção

Páxina 28



Queiman Galicia

Páxinas 4, 5 e 6

CONFITERIA

Regino

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís
a partir de 2 kgs.

Especialidade en
rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Pontearreas

986 640 834

OPINIÓN

por: **Baldomero Iglesias Dobarrio**

A historia fala!

Que a nosa sociedade non saiba que facer ou, sequera, para que serve a Nosa Historia é un eiva notable. É a proba da escaseza e pouca destreza que temos para buscar solucións e para que o porvir chame á nosa porta, sendo autores ou protagonistas do presente e, polo menos, mediadores dun futuro en confianza. A Historia é unha arte e unha ciencia, é algo que nos concirne a todos afectándonos directamente, é semente para avanzar no coñecemento e recoñecemento, para descubrir aspectos insospeitados dos asuntos que nos interesan e atinxen, das solucións que debemos propoñer, a nai de todas as ciencias: a deostada experiencia. Mesmo posúe un valor descriptivo, pola reiteración e práctica dos erros e pola necesidade que temos de saber poñerlle freo a tanto abuso, abuso por parte dos aproveitados de turno, cíclicos eles e persistentes. De aí a obriga da Lei e da confianza no reparto xusto. É o que se chama aplicación práctica do saber, resulta tan evidente que temos

abondosos exemplos para que se poida dar unha solución humana aos desequilibrios dun sistema malo ou mal aplicado, da avaricia, dos enganados, da usurpación, ...dos personaxes que non respectan a sociedade mesma ou o grupo no que viven, empregando hábitos miserables. Nesa mesma sociedade que ignora agora a súa Historia –con responsabilidade dos mesmos que gobernan e tapan, dos medios de comunicación que menten e solapan, dos poderes de turno e das xustizas lentas que xa son inxustas por actuar fóra de lugar e tempo. Cumpriría, polo menos, ensaiar algunha hipótese para non “volver” caer e tropezar nas mesmas pedras. Todo isto vén en ciclos que se repiten, que volven e píllannos sen intención de aprender das experiencias pasadas, non lembradas. Esquecemos con moita facilidade, somos vítimas da volatilidade dos recordos, estamos feridos na memoria. Quizais chegaría con enunciado o que acontece, verbalizar os feitos e adoptar unha postura de loita contra o abuso

mercantil, especulativo e de aparencia ornamental. Sería bo enunciado un modelo contra a sociedade de consumo non sostible e abusivo: o vicio devastador de ter moito, rompendo a cohesión social e o reparto (uns moito, outros tan pouco), do entendemento, desintegrador e desmotivador, incomprensivo e intolerante, desamparador no social e educativo, no sanitario, nas prestacións sociais básicas. Este sistema é inxusto e seguirá a selo e queren derrubar e destruír todo canto sexa público e común. E quen? Pois os que se amparan no poder para xerar pobreza e crear grupos hexemónicos que confunden o valor das cousas co seu prezo, que poñen prezo a todos os valores adquiridos e asentados no tempo, nos sentimentos, na paz, no benestar. Estes que gobernan colocándose –claro está– como hexemónicos. Propoñen máis leis, novas leis, que debiliten o coñecemento humanista e fan exercicio práctico da ofensiva, alí onde máis doe, aos máis pobres, á xente do común. Dan golpes quitándonos dereitos, culpándonos, mentindo e disfrutando aos verdugos, domeando as vontades, traballando os medios informativos para deturpar a realidade. Así

fan o que fan coa educación pública, cos servizos sanitarios, coas proteccións sociais. A cambio aportan apoio á Banca, escandalosa de comportamentos, á Patronal do pufo, xúntanse os que rouban para repartir!

Onde quedou aquilo da formación de futuros cidadáns con criterio, libres, que coiden o legado cultural que a nós chegou, os dereitos humanos, o respecto e entendemento. Haberá que preguntarse para que servimos se non somos quen de aprender da Historia. Esa mesma Historia que afirma o pensamento, a xustiza, a arte, o equilibrio, as ideas, a Liberdade! Necesitamos limparnos e apaciguar o desacougo volvéndonos máis humanos, máis pegados á terra, máis afectivos a nós e menos á “prima de riesgo”. Quizais faga falta dicir non e cortar de raíz as cadeas. Quizais faga falla un pouco de amor, para volver estimar as verdadeiras prioridades da vida e, se cadra, cambialas por outras que nos axuden a tender a man, a aprender da Historia para facer Historia.



Cadernos da viaxe

Por: **Xoán Antón Pérez-Lema**

Arde Galicia

No solpor do domingo 14 de outubro os 80 lumes da longa ponte deixaran milleiros de hectáreas queimadas e un gravísimo dano ambiental e mesmo existía perigo para a vida humana e para infraestruturas sociais básicas. Estaba curtada a A-52 n'As Neves, a AG-57 (a autoestrada de Vigo a Baiona) á altura de Vincios-Gondomar e a OU-101 de Ourense a Maceda. O fume ateigaba a área urbana de Vigo.

Núñez Feijóo e a conselleira Ánxeles Vázquez eran ben conscientes da seca e da probabilidade de altas temperaturas e ventos do sur moderados ou fortes neste

tempo de outono. Mais preferiron falar de Catalunya nos medios e encomendarse ao deus da choiva (que semella será o que nos salve este luns). Na fin de setembro non se lles anovou o contrato a 436 brigadistas, coma se só arderan os montes no verán.

Amáis da delongada seca e da presenza dos tres 30 nas temperaturas, velocidades do vento e humidade ambiental, o lume progresa polo moi curto traballo de prevención dun Goberno galego e pola súa fáctica inaplicación a lei de incendios forestais do 2007 (que prioriza a atención extintiva e a prevención nas contornas

habitadas e das infraestruturas viarias, sociais e enerxéticas). O traballo de reconstrución do PP liquidou de feito os Bancos de Terras e a reordenación territorial das Unidades de estión Forestal. Mentres, a (non) política forestal segue os diktats pirófitos da grande empresa privada ENCE, á que lle interesa un monte galego inzado de eucaliptos que se vendan a baixo prezo.

Coma sempre ao longo destes oito anos e medio do seu Goberno, Feijóo só sabe falar nos media e botarlle a culpa aos outros. Non contén vostedes con el para unha xestión eficiente ou para solucións prácticas. Este domingo os veciños da parroquia viguesa de Valadares houberon loitar sós contra o lume cos seus propios medios, do mesmo xeito que

fixeron os mariñeiros arousáns de hai quince anos, canda o Prestige.

A ARRINCADEIRA. O DESPROPÓSITO DO 155.

Toda a xente ecuánime que coñece un chisco Catalunya e profesa os valores democráticos das sociedades avanzadas consideran que intervir ou suspender a autonomía catalá ao abeiro do artigo 155 da Constitución é unha barbaridade. A cuestión catalá amáñase negociando e, nos eu caso, votando con garantías, nunca coa Garda Civil. E menos botando mán das competencias catalás en seguranza ou educación ou ilegalizando os partidos independentistas.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Vale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglesias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

Por: Guillermo Rodríguez

Director



Galicia arde sen remisión

Vimos de asistir a un espectáculo dantesco e trágico. Miles de has. dos nosos montes e bosques queimados, casas fagocitadas polas chamas e nalgúns casos con vítimas humanas. Os medios de extinción dispoñíbles mostráronse insuficientes; pero o que máis doe é que estas insuficiencias debéronse máis que a cuestión económica, que tamén, a unha total descoordinación entre os medios empregados. Casos como os traballadores da CRTVG que se queixaron de que non lles permitiron informar debida e honestamente do que estaba pasando cando pretendían informar do alcance do lume e de indicar a poboación cales eran os lugares máis perigosos para que nos seus desprazamentos non correran riscos. Gravaron horas e horas, mandaron imaxes ao centro de control e logo todo este traballo foi arquivado. De que tiveron medo os responsables dos medios públicos galegos? Acaso de que os veciños/as se enteraran do que estaba pasando?

Falar do lume en Galicia (tamén noutros lugares de España e da Península Ibérica) é falar da incompetencia dos nosos gobernantes por non ser quen de poñer sobre a mesa un proxecto serio de planificación do medio rural, incluíndo montes e veigas, porque estas últimas estanse transformando día a día en novos montes, en novos bosques.

Eu que xa celebrei as miñas vodas de diamante biolóxicas lembrome de cando tamén había lumes; si, había lumes de cando en vez. Claro que eran apagados rapidamente polos veciños con escasos medios ao seu alcance; con xestas, con ramas de piñeiros novos, co que atopaban ao seu alcance. Cando se producían nun domingo pola noite cando os mozos e mozas volvían dalgunha festa, daquelas as horas de regreso eran sobre as once ou doce da noite, como moi tarde, dicía que cando había lume nalgún monte todos se puñan mans a obra sen sequera cambiar de roupa; aquela roupa nova, que así se chamaba, que tiñan posta para ir a festa. Todos a unha sen importarlle o que lle pasara ao traxe novo ao á camisa de estrea.

Aqueles lumes producíanse case sempre por un despistado fumador que tirara unha cabicha nunha cuneta sen decatarse de que alí había herbas secas ou fentos nos que resultaba doado prender unha chama. O monte en xeral estaba limpo; o toxo era material importante como abono das fincas en forma de esterco que se formaban nos eirados respectivos; as leiras estaban traballadas e o chamado monte baldío (hoxe monte comunal) estaba tan pastado polas ovellas, os bois, os cabalos, as cabras, que non había, apenas, posibilidade de que se producira lume serio algún.

Claro que ese panorama, un tanto idí-

lico, hoxe é historia. Hoxe temos miles e miles de has. De monte impenetrable; monte que nin sequera os seus propietarios saben xa onde realmente se sitúan e menos como acceder a eles. Temos miles e miles de has. de leiras que onte nos deron millo para facer pan, herba para os animais, patacas para o cocido... Eran tempos nos que o que hoxe son bosques daquelas eran fontes de riqueza. No rural galego había de todo: animais que daban carne (galiñas, pitos, porcos, años, cabritos); animais que daban ovos, leite. As leiras, as hortas producían millo para facer pan (hoxe están reinventando moer o trigo nos muíños de pedra movidos pala auga



dos ríos para facer pan; os panadeiros do Porriño veñen de alugar muíños vellos para reparalos e utilízalos. Decatáronse de que así o pan será máis saboroso. Curioso, non si? Das leiras e das hortas sacábanse os tomates, os pementos, as xudías, as herbi-las, as leitugas, as cebolas, os allos... Unha familia tiña no campo que traballaba, practicamente todos os elementos alimenticios que precisaba, de tal xeito que apenas dependía do que ocorría nas vilas e cidades. Lembro que na miña casa, miña nai soamente viña a Ponteareas unha vez a semana para mercar algún trapo, como ela dicía, unha tetiña que lle gustaba moito, ou se a data o merecía, unha pouca de carne de vaca para completar o

cocido que, seguindo a tradición debía levar escarabellante (galiña), escornante (vaca) e fozante (porco). Obviamente só faltaba para completar aqueles suculentos cocidos o escornante, ou sexa a vaca. Todos os demais ingredientes estaban na casa. E coma no nosa casa en moitas outras, aínda que si había familias que non dispuñan de todos estes elementos, pero si dos máis elementais. O peixe, que non está citado, chegábanos a casa por medio da pescantina que cun cesto especial na cabeza (aquilo si que era traballar) cargado de xurelos, peixes grandes aos que chamabamos alemáns (non sei porque tiñamos a idea de que os alemáns debían ser

talo, soamente dispoño da miña pequena historia vivida no mundo rural, pero podo asegurar que a xente vivía máis sa do que vivimos hoxe.

E que terá que ver todo esta historia que lles veño de contar cos lumes en Galicia? Pois verán, pode que nada e pode que todo. Isto que lle contei ocorría porque no rural viviamos xentes, novos e vellos, e alí desenvolviamos as nosas capacidades primarias, aínda que logo tiveramos, como foi o meu caso, que saír para completar a nosa formación académica. Pero o rural tiña vida, existía como medio de vida de miles de persoas que pouco a pouco foron empurrando, disimuladamente, cara ás cidades. Fíxéronlle ver que aí estaba a felicidade. Ofrecéronlle abaloiros que logo se transformaron, en moitos casos, en malos recordos. O campo foi abandonado, as leiras transformáronse en bosques, o gando meteuse en cortes modernas onde case non poden moverse. Claro que así, din, dan máis produción. Están estabulados, controlados, mecanizados. Pobres animais, nin sequera lles deixamos vivir como animais, ceibes no campo cando dispoñemos de miles e miles de has. de monte e de prados que son queimados cada ano sen beneficio algún. Ben, aquí teño que facer unha puntuación. Actualmente as leiras que se volveron bosques, os montes abandonados, si que producen beneficios e que beneficios!, claro que non van a parar aos petos dos paisanos senón as contas correntes de empresas creadas especialmente para apagar os lumes que non se trata de evitar. Aí van a parar millóns de euros cada ano. Fálase de que pode chegar aos 100 millóns o custe dos lumes dun ano. Home, se temos en conta que unha hora de aluguer dun helicóptero pode andar entre os 3.000 e os 6.000 mil euros; e que unha brigada aérotransportada custa de media os 3.000 euros/hora e que un hidroavión pode chegar aos 50.000 euros/hora, ben podemos dicir que o campo, o bosque, actualmente si da grandes beneficios, so que van a parar a empresas como Matinsa, Veicar, Seganova, etc. O contrato da xunta para os anos 2016, 2017 e 2018 anda polos 36 millóns de euros ano, pero os entendidos din que pode chegar aos 100 millóns anos. Como se explica este aumento? Moi sinxelo. Pensen que se os lumes se presentan tan virulentos coma estes días pasados será preciso contratar a maiores máis dotacións de helicópteros e de hidroavións. Aí teñen a explicación.


Podíamos pensar, logo, que os únicos beneficiados polos lumes son as empresas que están, en principio, para apagalos? Sería unha ousadía pola nosa parte aseverar tamaña barbaridade, pero diante do que está ocorrendo vostedes teñen a palabra.

moi grandes), luras, panchiños... Como dicía unha propaganda anos ha para animar á lectura "todo está nos libros", nós podíamos remedala e dicir "todo estaba no campo". Si, señores; todo estaba ao noso alcance e todo era natural, sen aditivos, sen colorantes, sen sustancias perigosas que hoxe nos ofrecen nos alimentos que nos venden nos supermercados. Antes non tiñamos hospitais tan ben dotados e morría menos xente da que hoxe morre. Era moi raro que unha persoa morrera en plena mocidade. Ocorría, claro que ocorría, pero non coa frecuencia que pasa hoxe con tantos e bos hospitais. Que pode significar isto? Non o sei, non dispoño de estatísticas nin probas contratadas para contes-

AREA VIGO

Arde Turonio

Turonio, nome antigo da zona sur da provincia de Pontevedra, gravemente ferido polo lume



A fin de semana do 14 e 15 e seguintes 16 e 17 arderon en Galicia segundo primeiras estimacións provisionais preto de 35.500 hectáreas de superficie, máis do que ardeu en todo 2015 e 2016 xuntos. Os lumes concentráronse no sur da provincia de Pontevedra, en Ourense e en menor medida en Lugo.

Esta tormenta de lume deixou-nos catro vítimas mortais, 26 casas calcinadas, 20 delas na provincia de Pontevedra, 16 delas habitadas, unha ducia de alpendres e sete naves tamén en Pontevedra, dúas de madeira, unha de distribución de bebidas, un almacenamento de materiais de construción e tres de gando.

Na noite do sábado e madrugada do domingo producíronse na nosa zona os primeiros incendios, en Monção, en Padróns-Ponteareas, en Nigrán... Entraba ao mesmo tempo no territorio a cola

dos restos do furacán Ofelia que traían quentes e fortes ventos do sur que axudaron a converter o domingo nun inferno no que confluían os chamados tres trintas (máis de 30 graos de temperatura, máis de 30km/h. de vento (chegaron a 85) e menos de 30% de humidade) o que facilita a expansión dos lumes e os fai incontrolables, e iso sumado a longa e inédita seca que ven sufrindo Galicia nos últimos meses.

Os incendios propagáronse rapidamente hacia o norte. O de Monção atravesou o río Miño entrando por As Neves, Liñares, Tortoreos, Rubiós, Taboexa, Batalláns... cubrindo de lapas o monte Sandomedio e atravesando a autovía Rías Baixas que quedou pechada e rodeada polo lume.

A tódolos ingredientes citados que xunto coa proliferación do eucalipto na nosa zona crean esta tormenta perfecta, sumouse a ha-

bitual caravana dominical de coches procedente de Ourense cara a Vigo, que se viron sorprendidos polo corte da autovía, algúns deles no interior do tunel da Cañiza. Os condutores sen saber que facer intentaban dar a volta en sentido contrario, desarmar as medianeiras para cruzar para a estrada dirección Ourense, saír dalgunha maneira de aquela inquietante situación. Non eran moitas as orientacións coas que contaban para atopar unha alternativa no seu viaxe cara a Vigo. A nacional 120 e outras estradas secundarias tiveron tráfico denso esa tarde-noite. Tamén estiveron cortadas as carreteras de Ponteareas-Salvaterra e Pontareas-As Neves.

O de Padróns subiu polo Monte Galleiro e avanzou pola outra ladeira alcanzando aos concellos de Pazos de Borbén, Fornelos de Montes e Redondela. O de Nigrán

arrasou a Serra do Galiñeiro e de Chandebrito, Camos foi avanzando ata Coruxo cara a Vigo, onde se reproducían novos incendios preto da cidade e onde quedou cortada polo lume a circunvalación VG-20. Tamén ardeu moi preto da vila de Baiona.

Outros incendios importantes foron desenvolvéndose ao longo do domingo en Pesqueiras-Soutolobre-Fornelos da Ribeira ou o de Salceda de Caselas e Guláns chegando a Xinzo e outro en Petán, A Cañiza.

No Concello de As Neves víronse afectadas tódalas súas parroquias, achegándose moito á propia vila, ardeu o 90% do seu monte e catro familias quedaron sen vivenda.

Con fortes rachas de vento intermitente de 80km/h e con temperaturas de 29 grados ás oito da tarde, un dos aspectos máis destacables deste inferno que viviron as nosas comarcas foi que grande cantidade de restos ardentes deste incendio chegaban vía aérea a calquera punto a kilómetros de distancia, provocando numerosos pequenos incendios, moi por enriba das cifras oficiais que

só recollen os de máis de 20 hectáreas. Estes artefactos incendiarios caían en montes, fincas e moitas veces preto das casas, polo que en moitas parroquias e vilas da provincia a xente tivo que facer guardia día e noite para evitar que o lume lle levase todo por diante. De feito unha casa no centro da vila de As Neves, cujos donos se atopan fora, ardeu totalmente logo de que as faíscas lle prenderan desde o ceo.

Nestes días as declaracións de políticos e artigos periodísticos céntranse en culpar a incendiarios e preguntarse se existe unha trama detrás, en describir os seus perfís, en deter a responsables (irresponsables) de pequenos lumes e a outros sospeitosos que ao final non teñen nada que ver, e a mostrar supostos artefactos incendiarios que ao final non son tal.

Os artefactos incendiarios que os veciños viron chover sobre as súas terras eran restos ardentes de certas árbores que tal vez tiñan que ser investigadas, e que tal vez volvan a irse de rositas.

En Turonio arderon os míticos Sandomedio, Galiñeiro, Galleiro e San Cibrán. Libróuse o Aloia, onde eliminan eucaliptos e acacias.



FUCO PRADO



CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS



Vinoteca
Eira Vella
viños, testas, pulgas e donáis ...

Rosalía de Castro 12 Baixo
Ponteareas

694 416 706

ASER GALICIA
CENTRO DE NEGOCIOS
ASESORÍA DE EMPRESAS

salvaterra@asergalicia.com 986 664 292
Curros Enríquez, 8 . Salvaterra de Miño
asesoria@asergalicia.com 986 640 015
Rúa Redondela, 11 . Ponteareas

BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA
BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826

AGROITIS

Análises de Viño - Asesoramento Técnico
Productos Agrícolas, Enolóxicos e fitosanitarios

986 642 507
Rúa Ciclista Delio Rodríguez, 4 baixo
Ctra. de Salvaterra Ponteareas

Restaurante O'Rianxo
estrefa
Algo diferente no Condado

Terraza de verano interior
Ctra. N-120
Vilasobroso - Mondariz
GALICIA - ESPAÑA
Telf.: +34 986 654 434

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

O que facer e o que non nos terreos queimados: consellos para non estragar máis o ambiente

Despois dos lumes os problemas e riscos ambientais non rematan. Alén da perda de biomasa vexetal e de biodiversidade en xeral, prodúcese tamén un empobrecemento do solo e, coas chuvias, o lavado do horizonte superficial arrastrando grandes cantidades de sedimentos e materia orgánica. Esta erosión e a diminución da materia orgánica no solo, unidas á brusca inxección de materiais nas canles fluviais e nas rías, son causa de graves impactos mesmo en áreas alonxadas das zonas queimadas.

É moi importante ter en conta que os labores de restauración hidrolóxico-forestal deben ser desenvolvidos por persoal especializado e seguindo uns estritos protocolos de actuación para evitar causar máis danos, como a compactación por pisoteo, a erosión inducida nas ladeiras, a introdución de especies invasoras ou non procedentes... As intervencións deben tamén axustarse ás características particulares de cada territorio, en particular nos espazos protexidos, nos que deben responder ás necesidades concretas de conservación establecidas nos correspondentes planos.

Accións positivas

(coordenadas con administracións, comunidades de montes...)

-Minimizar o uso de maquinaria pesada.

-Non talar os esqueletes do mato e cortar só as árbores de certo tamaño para evitar danos ao solo.

-Deixar os restos forestais sobre o solo en sentido perpendicular á pendente, para frear a escorrentía.

-Repartir palla ou virutas (mulching) en zonas sensibles, en zonas con forte pendente, en zonas próximas a cursos de auga,...

-Realizar faixas de sementeiras alternando coas anteriores e sempre seguindo as curvas de nivel.

-Poñer filtros vexetais (restos de podas, broza,...) preto das canles dos ríos, para frear os arrastres do solo e evitar a contaminación das augas

Procuraremos evitar:

-Pisotear as zonas queimadas, xa que se aceleraría a erosión.

-Cortar árbores e romper polas, porque supoñen unha protección contra a erosión.

-Realizar sacas de madeira de modo agresivo para o solo.

-Laborear e roturar o solo. Utilizar maquinaria pesada ou agresiva no chan.

-Asustar ou danar á fauna.

-Pastorear demasiado pronto, para evitar os efectos do gando sobre o solo e sobre a vexetación.

Ante calquera dúbida, pódese preguntar ao axente forestal ou á Consellaría do Medio

Rural sobre a normativa vixente en materia de usos dun espazo forestal incendiado.

Cando nestas accións participe o voluntariado é importante fornecerlles de material axeitado, seguro de accidentes, contar cos permisos pertinentes, incluídos os dos titulares das terras e sempre baixo a supervisión de profesionais. Desaconsellamos realizar accións por propia iniciativa e de xeito descoordinado, que poden derramar as boas intencións e causar máis dano ao ambiente e mesmo riscos para as persoas, evitando tamén frustracións.

As organizacións ecoloxistas realizamos intervencións de voluntariado organizado todo o ano en ríos, rías, bosques, humidaís e non só como consecuencia dos lumes. Contacta con nós para coñecer de que xeito podes colaborar e moitas grazas polo teu compromiso solidario!

NOTA: texto elaborado con información do "Manual de rexeneración de montes incendiados" de Amigos da Terra, o "Manual sinxelo de reforestación por sementeira" da UVigo; o "Manual de prevención e defensa contra os incendios forestais" da Xunta de Galiza; e os protocolos de intervención en montes queimados do Voluntariado en Defensa do Monte Galego 2006-2009, así como materiais e elaboracións propias.

Por Asociación Ecoloxista Galega Adega en adega.gal



A Sociedade Galega de Historia Natural desaconsella "sementar" as zonas queimadas

SGHN diante da proliferación de recetas para axudar a paliar a lamentable situación na que quedan os montes despois desta vaga de incendios, manifesta o seguinte:

Desaconsellamos fortemente o emprego indiscriminado de sementes para cubrir as zonas queimadas.

É difícil, cando non imposible, atopar sementes autóctonas garantidas tanto na súa orixe (do mesmo lugar de onde se vai sementar) como que se correspondan realmente a especies autóctonas.

Na meirande parte dos casos non se sabe realmente o que se vai botar e os posibles efectos perniciosos que no futuro poidan ter: especies vexetais exóticas invasoras.

En moitos sitios non se debería pisar tralos incendios, pois acelera o proceso de erosión coas choivas e a compactación do solo.

Desaconsellamos enerxicamente o emprego de especies pratenses (as usadas para os campos de herba, pradarias artificiais, etc) pois son en moitos casos especies alóctonas, algunhas delas de carácter invasor (que logo reducirán a posibilidade de asentarse as especies autóctonas).

O emprego inaxeitado de sementes é unha preocupación grave en EEUU. En moitos estados esíxese que as sementes estean certificadas de estar libres de especies alóctonas e invasoras.

Un mal menor sería empregar cereais, pero deberían ser estériles para que unha vez completado o seu proceso non deixaran pegada.

Unha boa intención non ten por qué dar bos resultados.

Extraído da web www.sghn.org



PONTEAREAS

O Concello de Ponteareas quiere agradecer unha vez máis a colaboración e comprensión veciñal nestes duros días de incendios. O Alcalde, Xosé Represas, quiere destacar o importante papel da colaboración entre veciñanza e traballadores municipais decisivo para evitar que esta catástrofe fose aínda maior.

“Nun día no que toca facer recuento, o Concello de Ponteareas salienta o compromiso da xuventude axudando a afastar o lume das casas, a boa disposición das comunidades de montes que puxeron todos os medios posibles para frear o avance das lapas, a unión veciñal, o esforzo realizado polos traballadores municipais, bombeiros, axentes forestais, Policía Local, Protección Civil, Cruz Vermella e colectivos sociais que de inmediato argallaron todo o necesario para dar axuda aos que a precisaban no pavillón grazas á empresa concesionaria da piscina que actuou con axilidade, ademais da colaboración das forzas de seguridade. Tamén o agradecemento ao Alcalde de Vigo e á Concelleira de Seguridade de Vigo por

O Concello de Ponteareas colaborará na recuperación dos montes incendiados



O Alcalde de Ponteareas José Represas fala co Presidente da Xunta Alberto Núñez Feijoo en presenza do Presidente do Goberno Mariano Rajoy e outras autoridades

enviarnos efectivos. Por suposto á Presidenta da Deputación por estar pendente e constantemente preocupada polo estado dos veciños de Ponteareas”, explica a Concelleira de Seguridade Cidadá, Vanesa Fernández.

Cunha sensación aínda de desamparo ao verse invadidos polo lume, sobre todo a partir do mediodía do domingo, o Concello de Ponteareas lamenta non dispor de máis medios nin apoios e pide á Xunta de Galicia que reflexione

sobre se a política de prevención e loita contra os incendios forestais está sendo axeitada ou non.

Prender lume é doado, facer que arda un monte é posible e conseguir un estado de alerta plantando varios focos á vez

tamén pero hai que replantearse as políticas de prevención e ademais contar coa poboación que vive no rural para establecer protocolos de actuación en emerxencia.

“É imprescindible ter un plan de actuación para evitar o avance do lume e, por suposto, hai que ter medios humanos e mecánicos activados sobre todo cando a previsión metereolóxica advirte dunha situación adversa e extrema que, neste caso, xa sabía hai días e activar medidas de alerta ante situacións de altísimo risco como a que se daba. Hai que ter políticas de actuación axeitadas á realidade actual”, explica o Alcalde, Xosé Represas.

Dende o grupo de goberno lanzan unha mensaxe de agradecemento e, á vez, de ánimo e adiantan que colaborarán na recuperación do monte incendiado, impulsando accións conxuntas coa veciñanza, propietarios e as comunidades de montes.

“Compre primeiro estudar ben a zona, analizar con asesoramento técnico o traballo a facer e colaborar coas persoas que voluntariamente se están a ofrecer”, engade Represas.

O Concello suministra auga potable aos afectados polos incendios

O Alcalde e os concelleiros de Seguridade Cidadá e de Medio Rural, acompañados de técnicos municipais, visitarán as zonas afectadas. Convocaránse encontros cos propietarios afectados e voluntarios que desexen colaborar na recuperación dos terreos afectados.

O Concello de Ponteareas suministra auga potable aos veciños da traída de augas de Casal, en Guláns. Nestes intres tamén traballa nas posibles vías de suministro de auga á traída de augas do barrio de Porto, en Guláns, xa que foi imposible o acceso da cisterna á zona do depósito.

Ademais, o Concello está a proceder á retirada de árbores da estrada do barrio da Ermida, en

Pías e atende ás chamdas dos veciños e veciñas afectados polos incendios.

Nos vindeiros días, o Alcalde, a Concelleira de Seguridade Cidadá e o Concelleiro de Medio Rural, acompañados de técnicos municipais, visitarán as parroquias e zonas afectadas para avaliar os danos producidos polos incendios para, entre outras xestións, trasladarllos ao Presidente da Xunta de Galicia. Cos datos re-

collidos dos danos desta catástrofe o Alcalde de Ponteareas demandará os apoios necesarios ao Presidente do Goberno, Mariano Rajoy, e ao Presidente da Xunta, Rafaél Núñez Feijóo, tal e como xa fixo o pasado luns día 16 no encontro mantido no posto de mando de Pazos de Borbén.

A partir de mañá xoves día 19 o Concello de Ponteareas habilitará un número de teléfono e un

enderezo electrónico para atender aos afectados e afectadas polos incendios; ademais no concello habrá unha persoa para atender aos cidadáns que prefiran achegarse ata a casa do concello.

O concello de Ponteareas está a organizar diferentes encontros con voluntarios e veciños para

recollida de información e avaliar a posibilidade de traballar de xeito conxunto con propietarios, comunidades de montes, comunidades de augas e todo aquel interesado na recuperación dos terreos afectados. Demandará os apoios necesarios para paliar esta situación de catástrofe



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O Concello presenta o proxecto "Entre Nós" para alumnado de Secundaria de Ponteareas

A Concellería de Ensino presentou este programa de mediación para o alumnado con condutas desaxustadas ou disruptivas



A Concellería de Ensino do Concello de Ponteareas reuniuse onte coas directivas e departamentos de orientación dos centros escolares de secundaria locais para presentar-lles o Proxecto "Entre Nós", un programa de mediación para o alumnado con condutas desaxustadas ou disruptivas que se pon a disposición das familias e

centros a partir do 1 de outubro e que tivo moi boa acollida por parte dos representantes dos centros escolares.

Este programa foi redactado por unha becaria do Concello, Lorena Bernárdez, graduada en psicopedagogía e supervisado polo departamento de Educación Familiar que está ao servizo da veciñanza no Centro Social.

Por primeira vez, grazas a este programa ofrecerase terapia psicolóxica ao alumnado de secundaria que, ao xuízo do equipo educativo e departamento de orientación, teñan dificultades de adaptación no grupo ou alumnado en situación de non acadar as capacidades establecidas nos obxectivos xerais do currículo ordinario debido a súa baixa autoestima, expectativas de logro e motivación cara as actividades escolares e amosen condutas desafiantes constantes no entorno educativo.

Ao remate desta reunión, a Concelleira de Ensino, Cristina Fernández, mantivo un encontro co profesorado dos centros para presentar as actividades educativas que ofrece o Concello para o alumnado dos centros durante todo o curso: Semana das Ciencias, charlas educativas e teatro entre outras actividades dentro das que se presenta como novidade o obradoiro de educación asistida con cans adestrados para alumnado con necesidades específicas.

Comeza o curso de Adestrador Básico de Fútbol-UEFA B no CDL

O primeiro curso de adestrador básico de fútbol que se imparte en Ponteareas arrancou a semana pasada nas instalacións do Centro de Desenvolvemento Local. A Federación Galega de Fútbol e o Concello de Ponteareas quixeron saudar e apoiar ao alumnado desta primeira convocatoria. O Alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, a Tenente de Alcalde, Chus Ga-

rrrote, o vicepresidente da FGF Gustavo Falqué, o director da Escola de Adestradores, Manuel Mosquera, e o delegado da Escola en Ponteareas, Luis Mosquera deron a benvinda ao curso a tódolos alumnos e alumnas.

Ponteareas é unha das poucas localidades que acolle nesta tempada 17-18 os cursos de Adestrador Básico, correspondente á licenza UEFA B que equivale ao antigo Nivel 1.



Berminelli

Complementos Artículos de cerimonia y fiesta

Tallas de 34 a 58 Buscanos en facebook: berminelli

Plaza Mayor, 28 (al lado Tapería Túnel)

Telf.: 986 660 997

PONTEAREAS

GASOLEOS TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

REPSOL

TODOCONDADO

www.todocondado.com

GLITTER

Tu tienda especializada en

PATINES

ACCESORIOS, RECAMBIOS
Y COMPLEMENTOS

MALLAS, BAÑADORES, DANZA, etc.

C/ Virgen de Los Remedios, 16

PONTEAREAS Tlf. 886 21 64 73

glittercb2016@gmail.com

Catalana Occidente Seguros

Cruz Gómez Zúñiga

Agente de Seguros Exclusiva

nº reg. CO468365470905

cruz.gomez@agentes.catalanaoccidente.com

Castiñeira, 24 Bajo

36860 Ponteareas - Pontevedra

T 986 641 528 - M 677 977 376 - F 986 641 528

Café - Bar

PIKAS

Avda. Castelao, 24 Bajo - PONTEAREAS

PONTEAREAS

Tras corenta anos de servizo, Otero xubilase como Policía Local



A Concellería de Seguridade Cidadá e a Policía Local de Ponteareas homenaxearon ao policía Fernando Fernández Otero con motivo da súa xubilación. Tras corenta anos de servizo en Ponteareas, Otero xubilase cun balance positivo e optimista no que tamén hai lembranzas para o compañeiro Alfonso Garrido, ferido nun tiroteo nun intento de atraco a un concesionario no ano 92.

Herdou a profesión do seu pai e conduciu o primeiro coche que tivo a Policía Local, un Seat 1500, confía na sociedade e na xuventude de hoxe e lembra a dureza dos anos setenta e oitenta nos que a droga destruíu boa parte das familias, da súa tamén.

A Concelleira de Seguridade Cidadá, Vanesa Fernández, tivo palabras de agradecemento para Otero pero, sobre todo,

destacou a súa capacidade de adaptación aos novos tempos.

O xefe da Policía Local, Benigno Moldes, en nome de todos os compañeiros fixolle entrega dun agasallo e ofreceu unhas emotivas palabras para o policía que ensinou a cada un dos que entraba novos e que os acompañou nos seis comezos.

Coa marcha de Otero a Policía Local contará con dezoito axentes.

O PP defende ás traballadoras da Escola Infantil

O PP presentou unha moción ao Pleno en defensa das Educadoras da Escola Infantil, para que o Goberno fixe no novo Convenio que están a elaborar a clasificación profesional destas técnicas en educación, pasando dun grupo de convenio 4 a un grupo de convenio 3.

Na Escola Infantil hai 13 traballadoras que aparecen na Plantilla de Persoal cunha categoría de Auxiliar Puericultura dentro do grupo de convenio 4. A clasificación deste persoal nun grupo 4 ten a súa orixe no ano de apertura do Centro da Escola infantil, porque era naquel momento a clasificación que esixía a Lei para este tipo de traballadoras, e deste xeito

quedou recollido no Convenio.

Posteriormente a Xunta mudou a normativa e o que ata agora eran auxiliares de puericultura cunha titulación non superior a EGB, agora pasan a chamarse Técnicas en educación infantil e esíxeselles unha titulación de FP Técnico, pasando a estar clasificadas profesionalmente como grupo 3.

As traballadoras da Escola infantil formáronse e lograron a capacitación necesaria para adaptarse a nova normativa, e agora a forma de poder recoñecerlles a clasificación que lles pertence por formación e por experiencia é fixando a categoría profesional no Convenio.



milfollas
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATIERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

Talleres Guiller Motor

Puro-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Tel./Fax 986 66 15 41

Venta de vehículos usados

(SPG)
TALLERES

Panadería Pastelería A Fogaza
Pan Artesano

Dani Bugallal, 7 Ponteareas
Telf: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

CAFETERIA Pitufos

Avda. Castelao, 18 PONTEAREAS
Telf.: 886 21 62 55

CAFETERÍA BAR GOLFINO

Encostada, 3
Guillade de Arriba . Ponteareas

ELECTRICIDAD IN. M. A. C. CONDADO. S.L.

Jorge Ferreira Bouzo
Instalador Autorizado PO-1600

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumeados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tell. 986 65 82 07 Móviles 651 86 01 55 - 85 email: administración@electricidadcondado.es
Polig. ind. Chou de Ponte, Nave 1 - 36450 SALVATIERRA DE MIÑO

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Esquerda Unida denuncia a parcialidade da web do Concello

O concelleiro de EU-son en Ponteareas, Lino Costas, denunciou no pleno de setembro o uso partidista que se fai da páxina web do concello de Ponteareas, así como da ocultación de determinados documentos mediante o acceso que precisan.

A páxina web do concello é unha ferramenta imprescindible para o acceso á cidadanía de Ponteareas á información sobre as cuestións referidas a actividades promovidas polas diferentes estruturas municipais. As decisións plenarias, as ordenanzas en vigor, diferentes actividades culturais, sociais, deportivas, etc.

Na actualidade, a web non facilita este acceso. A información non está ordenada e sinalizada de forma que a veciñanza poida, intuitivamente, encontrala e consultala.

Por outra banda está a utilización que se da á páxina do concello. A política de comunicación que este goberno aplica na páxina web e nas diferentes redes sociais son un claro exemplo de uso interesado de recursos públicos en beneficio exclusivo dos intereses dos partidos no goberno. Así, a maioría das novas publicadas desde a páxina web e os diferentes perfís nas redes sociais do concello expresan a actividade política das diferentes



concellerías no goberno, atendendo máis ao feito propagandístico que ao informativo. É certo que a páxina ten que dar conta das actividades que realiza o concello, pero seméllase máis a unha páxina do grupo gobernante que a unha web municipal. Existe -por parte da Xunta de Goberno- un exceso de afán de publicidade en xeral, desprezando a ética máis básica e rozando a ranciedade; chegando o alcalde e a concelleira de ensino a fotografarse con menores dentro dun aula para enviar logo a foto á prensa -o que indignou a moitos pais e nais- ou a engadir na programación de festas do concello un concerto organizado polo Festival das Brétemas.

Esquerda Unida considera que

a política comunicativa oficial debe ser reflexo obxectivo das accións do goberno, tanto da alcaldía e da xunta de goberno como do conxunto da corporación e os diferentes departamentos de funcionamento do consistorio. Por tanto, para asegurar esa independencia informativa compre instaurar mecanismos de control sobre a transparencia e a obxectividade dos medios de expresión cos que conta a administración municipal. De feito, en novembro de 2015 aprobouse en pleno unha ordenanza de transparencia que de respectarse aseguraría o cumprimento desta independencia informativa. Unha ordenanza proposta pola Xunta de Goberno, asinada polo alcalde e que leva dous anos sen cumprirse.

Xuntanza de EU coa concelleira de Igualdade

O martes día 10, EU de Ponteareas reuniuse coa concelleira de Igualdade coa finalidade de achegar e debater propostas sobre proxectos, campañas, formación, etc., que poderíanse incluír no Plan de Igualdade ou levar a cabo xa este ano co orzamento disposto para este fin.

Xa en febreiro de 2016, aprobouse no Pleno Municipal, unha moción de Esquerda Unida soli-

citando un reforzo desta concellería e o orzamento necesario para levar a cabo as políticas de igualdade que tanto precisa a vila de Ponteareas.

Deste xeito, EU achegou nesta xuntanza un documento con propostas xenéricas pero tamén outras moi concretas que abranguen todo tipo de ámbitos, como ensino, asociacionismo, emprego, deportes ou os propios departamentos municipais.

Esquerda Unida considera que aínda que o progreso neste eido existe, o traballo debe ser continuo para que o noso municipio sexa un espazo exento de discriminación e desigualdades. De todos os xeitos, EU celebra que a Concelleira de Igualdade aposte pola pluralidade nestas cuestións e agarda que esta xuntanza sexa a primeira de moitas e que isto se traduza en avances reais.

O goberno urxe a Educación que inclúa o CEIP Bouza Brey no Plan de mellora da eficiencia enerxética

O Concello de Ponteareas reclama á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que inclúa as obras de mellora do CEIP Fermín Bouza Brey que dende hai anos reclama a comunidade educativa do centro xa que neste momento a Xunta está a facer grandes investimentos polo que o Alcalde, Xosé Represas, considera que é o momento de comezar coas obras.

A Concellería de Ensino, que dirixe Cristina Fernández, ten solicitado á Consellería de Educación unha reunión para urxirlle na necesidade de que inclúa as obras deste centro dentro do Plan de Mellora da eficiencia enerxética financiado pola Unión Europea no que se invertirán varios millóns de euros ata 2021 na mellora da eficiencia enerxética a través da renovación das instalacións existentes nun número elevado de centros educativos e culturais.

Na localidade de Ponteareas, cunha poboación de preto de cinco mil menores de idade, existen cinco centros escolares públicos de Infantil e Primaria, algún deles con máis de cincuenta anos e outros varios con máis de corenta anos de antigüidade. Neste caso está atópase o CEIP Fermín Bouza Brey donde a comunidade educativa ven reiterando dende hai moitos anos a petición dunha reforma integral debido á si-

tuación tan crítica.

O Bouza Brey precisa unha nova cuberta, ventanais e aillamento da estrutura en xeral para poder conseguir o aforro enerxético, a redución do CO2 e a temperatura axeitada para o bo desenvolvemento das ensinanzas tanto para o benestar do alumnado como dos traballadores do centro.

Dende o Concello de Ponteareas realizáronse importantes inversións como a pista deportiva cuberta ou as obras necesarias para que este centro contara co servizo de comedor que xa funciona na actualidade e que xestiona a Concellería de Ensino.

Ademais, nesta reunión tamén se tratará a situación doutros centros educativos, entre eles, o CEIP Nosa Señora dos Remedios, un dos centros máis antigos da vila.

O Plan de mellora da eficiencia enerxética que a Consellería de Cultura e Educación puxo en marcha o ano pasado e que supuxo a rehabilitación integral de doce centros escolares (cinco deles na provincia de Pontevedra) continúa este ano con obras deste tipo noutros oito centros escolares a razón de dous por provincia e que suporán un investimento de preto de catro millóns de euros. Este plan que enmárcase dentro das actuacións financiadas pola Unión Europea para a redución do CO2.



Solla e Villar reúnense co Director Xeral de Estradas para tratar da N-120 e da variante

O pasado 19 de setembro, na Subdelegación do Goberno en Pontevedra celebrouse unha reunión solicitada polo Partido Popular de Ponteareas á que asistiron o Director Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento, Jorge Urrechu, a Subdelegada do Goberno, Ana María Ortiz; o Delegado da Xunta de Galicia, José Manuel Cores Tourís; o Xefe de Demarcación de Carreteras do Estado en Galicia, Ángel González del Río; o Xefe de Estradas en Pontevedra, Pablo Domínguez; os representantes das parroquias de Xinzo, Areas e Arnosó; mailos concelleiros do PP de Ponteareas, Salvador González Solla e Belén Villar.

Nesta reunión Salvador González Solla, en nome do GM do PP de Ponteareas, transmitiu ao Director Xeral de Estradas o seu agradecemento e moi en especial á actual Presidenta do Congreso e anterior ministra de Fomento, Ana Pastor, polo cumprimento do seu compromiso adquirido no seu día cos ponteareáns ao incluír no orzamento do estado 2017 case que 22 millóns de euros para as obras de mellora da seguridade viaria na N-120 e para a construción da nova variante de Ponteareas,



o que supón para os populares unha inversión histórica en materia de estradas para o concello de Ponteareas.

Pola súa parte, o Director Xeral de estradas informou que en breve, no mes de outubro, se adjudicarán as obras do proxecto de mellora do alumado público deste tramo da N-120 para as que se destinou a cantidade 220.000 euros. Ademais, respecto ás obras de mellora da N-120, para as que hai habilitadas unha partida de 2,2 millóns de euros, o Director Xeral de estradas trasladoulles aos asisten-

tes que a Orde de Estudio previa a dita obra xa está concluída para a inmediata licitación da redacción do proxecto de execución, no que destaca a construción de varias rotondas cos seus respectivos entronques, unha senda continua paralela á estrada dende Xinzo ata o núcleo de Ponteareas, pasos de peóns, semáforos con regulador...

Tamén o Director Xeral do Ministerio e o Delegado Provincial da Xunta informaron da situación do "Protocolo de Colaboración" asinado na pasada lexislatura pola exministra de Fomento, Ana

Pastor, a Conselleira de Infraestruturas da Xunta de Galicia, Ethel Vázquez e o exalcalde Salvador González Solla que recollía o compromiso da redacción e execución da Variante de Ponteareas no que informaron que o Ministerio xa elaborou un borrador de convenio que en breve será remitido ás distintas partes para a súa validación e sinatura polas tres administracións.

Salvador González Solla agradeceu o cumprimento dos compromisos do Ministerio e a implicación dos veciños para a consecución destas obras.

Xantar solidario co pobo saharauí no Sportivo

Solidariedade Galega co Pobo Saharauí convida a tódolos veciños e veciñas a participar na comida solidaria que organizan para o vindeiro sábado 21 de outubro ás 14:30 horas no Centro Artístico Sportivo.

O prezo do menú é de 12 € por persoa e os menores de oito anos entran de balde. O prezo da mesa cero é de 5 €.

No decorrer do xantar solidario actuará o grupo Naiama. Tódolos interesados en participar neste xantar de amizade poderá inscribirse no enderezo electrónico info@sogaps.org ou no teléfono 986 26 26 37.



Mesas informativas sobre saúde mental

Avelaíña ofrece os seus servizos previa cita os luns, mércores e venres en Ponteareas e martes e xoves na Cañiza de 09: a 14:00h.

A saúde mental no lugar de traballo foi o tema elixido a nivel mundial para esta conmemoración, considerando que se trata dun asunto de interese para os axentes sociais, as institucións e a sociedade en xeral.

A este propósito, e coincidindo coa celebración do vinte aniversario de Avelaíña, quixo chamar a atención sobre esta realidade, instalando mesas informativas no Concello de Ponteareas para que a poboación puidera coñecer máis sobre a

saúde mental e o traballo que realiza a asociación nas comarcas de Condado e Paradanta.

Nos postos de Avelaíña tódolos veciños e veciñas puideron aportar o seu gran de área solidario mercando unha avelaíña artesá feita polo grupo de Avelaíña da Guarda. Simplemente aportando a vontade e lucindo unha fermosa volvoreta estaremos contribuíndo a que esta asociación siga ofrecendo os seus servizos.

No centro social de Ponteareas, Avelaíña atende ás persoas que

precisen os seus servizos con cita previa en horario de 09:00 horas a 14:00 horas os luns, mércores e venres. Tódolos interesados en pedir cita poden contactar coa psicóloga Clara Suárez no teléfono 602 21 47 27.

O Concello de Ponteareas cede a Avelaíña un local municipal donde desenvolver os servizos que ofrece aos veciños e veciñas de toda a comarca dada a alta demanda e persoas afectadas de problemas mentais.

Ademais, o Concello de Ponteareas lidera as reclamacións realizadas á Xunta de Galicia para que asuma as súas competencias en materia de saúde mental para que a comarca conte cun centro de referencia destinado ao trata-



mento destas enfermidades

Os vindeiros días 19 e 20 de outubro estarán no Concello de Cañiza, fronte a Casa do Concello de 10:00 a 14:00 horas.

Avelaíña

Avelaíña foi creada fai 20 anos coa finalidade de promover a recuperación das persoas con problemas de saúde mental, a súa integración social, a mellora da asistencia e a súa calidade de

vida, así como a defensa dos seus intereses e dereitos. Conta con dous centros de rehabilitación e un piso protexido e presta servizos no Baixo Miño, Val Miñor e dende o ano pasado, tamén prestran servizo nas comarcas de Condado e Paradanta. No Concello de Ponteareas, os luns, mércores e venres, no Centro Social e no Concello de Cañiza os martes e xoves en horario de 9:00 a 14:00 horas.

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Roteiro de Samaín
en Salvaterra

O Concello de Salvaterra de Miño ven de presentar a súa programación e abrir o prazo de inscrición para poder participar do Roteiro de Samaín.

Esta programación vai dirixida, por un lado, ao público infantil, que poderá gozar o venres 27 de talleres de maquillaxe ao aire libre, na Praza do concello, a partir das 16.30h.

Por outro lado, e xa para os máis maiores, o sábado 31 a partir das 20.00h dará comezo a cuarta edición do Roteiro Nocturno de Samaín. A saída darase na Praza do concello e rematará no recinto Amuralado, cunha ruta de aproximadamente 5km, pensada para os mais valentes. Todas as persoas que estén interesadas en participar deben inscribirse no Concello no teléfono 986 658 082. Máis información e inscricións en animacion@concello-desalvaterra.org.

A inscrición, ata o 27 de ou-

tubro, sempre que non se cubran as prazas antes, é gratuita e cada membro do grupo doará un produto de hixiene ao Banco de Alimentos Municipal. Os grupos estarán formados por un mínimo de 15 persoas e un máximo de 20 e a idade mínima é de 7 anos, menores con autorización. Os grupos con menores de 16 anos teñen que levar un adulto a cargo no grupo.

Na saída, ás 20:00h., terán prioridade os grupos con menores. Os grupos saíran cada 10min. Darase unha hora aproximada, que se confirmará uns días antes a través da páxina web. Débese estar no recinto de saída 30min antes da hora establecida para cada grupo. Recoméndase ir disfrazados. Cada grupo pode levar como máximo dúas lanternas e dous chalecos reflectantes (que levará a persoa que abre e a pecha o grupo) e recomendade levar calzado adecuado.



CONCELLO SALVATERRA DE MIÑO

CURSOS 2017/18 PARA ADULTOS E NENOS

INSCRICIÓN A PARTIR DO 16 DE OUTUBRO

OBRADOIRO DE MEMORIA E LECTURA

IDADE: MAIORES DE 45 ANOS

DATA: do 2 de outubro ata o 25 de maio

MÉRCORES DE 10:00- 11:00h.

INSCRICIÓN E MÁIS INFORMACIÓN:

- Na biblioteca de 16:30 ás 20:30h.
- No teléfono 637108343
- ou biblioteca@concello-desalvaterra.org

CURSO INICIACIÓN Á INFORMÁTICA

IDADE: MAIORES DE 45 ANOS

DATA: do 25 de outubro ata o 25 de maio

MÉRCORES DE 11:00- 12:30h.

INSCRICIÓN E MÁIS INFORMACIÓN:

- Na biblioteca de 16:30 ás 20:30h.
- No teléfono 637108343
- ou biblioteca@concello-desalvaterra.org

ESCOLA DE MAIORES

IDADE: MAIORES DE 45 ANOS

DATA: do 2 de novembro ata o 16 de decembro

XOVES DE 10:00- 12:00h.

INSCRICIÓN E MÁIS INFORMACIÓN NO CONCELLO.

RECICLA E NON TIRES

IDADE: 18 anos en diante

DATA: do 1 ao 9 de febreiro

de 10:00 - 12:00h.

INSCRICIÓN E MÁIS INFORMACIÓN NO CONCELLO. (HAI QUE APORTAR MATERIAL)

OBRADOIRO FLORAL

IDADE: 18 anos en diante

DATA: do 6 ao 10 de novembro

MARTES, MÉRCORES E XOVES de 10:00 ás 13:00h.

INSCRICIÓN E MÁIS INFORMACIÓN NO CONCELLO. (HAI QUE APORTAR MATERIAL)

MÁIS QUE PLANTAS

XARDÍNS VERTICAIS: 6, 7 e 8 de novembro

XARDÍNS AROMÁTICOS: 13, 14 e 15 de novembro

ESQUEXADO DE PLANTAS: 21 de novembro

PLANTAS PARA A BELEZA: 28 de novembro

MINIXARDÍNS: 4 e 5 de decembro

PÚBLICO XERAL: FAMILIAS

LUNS E MÉRCORES 16:45- 18:00

INSCRICIÓN E MÁIS INFORMACIÓN NO CONCELLO.

TODAS AS ACTIVIDADES REALÍZANSE NO PARQUE DA CANUDA OS DÍAS DE CHOIVA SUSPENDÉSE A ACTIVIDADE

SALVATERRA FAI DEPORTE

ABRIL: 18 de abril, luns, martes e mércores ás 9:00h- 10:15h.

MÁI: 18 de maio, luns, mércores e venres ás 10:30h.

SEPT: 18 de setembro, luns, mércores e venres 12:00-14:00h.

NOV: 18 de novembro, sábado 11 e 25 de novembro ás 9:00h.

DATA DE TODAS AS ACTIVIDADES: Do 1 de novembro ata o 31 de maio

TODAS AS ACTIVIDADES REALÍZANSE NO PARQUE DA CANUDA OS DÍAS DE CHOIVA SUSPENDÉSE A ACTIVIDADE

ENGLISH SPEAKING

SÁBADOS DAS 10:30 AS 12:30

NO MES DE MARZO

NA CASA DA CULTURA

PARA XENTE CUN NIVEL DE INGLÉS MEDIO

O MUNDO DA GOMA EVA

IDADE: 18 anos en diante

DATA: do 14 ao 28 de febreiro

de 10:00- 12:00h.

INSCRICIÓN E MÁIS INFORMACIÓN NO CONCELLO.

DÁLLE UN XIRO AO TEU CV

IDADE: 18 anos en diante

DATA: 16, 18 E 19 XANEIRO

de 10:00- 12:00h.

INSCRICIÓN E MÁIS INFORMACIÓN NO CONCELLO.

LECTURA INFANTIL: Para nenos nados a partir do 2013, desde o 24 de outubro ata o 29 de maio

MARTES DE 17:00 AS 18:00h.

INSCRICIÓN E MÁIS INFORMACIÓN: NA BIBLIOTECA 16:30h as 20:00h. OU biblioteca@concello-desalvaterra.org

o remendón

CERRAJERO

24 HORAS

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

SERVICIO OFICIAL **DuplicaX**

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

O noso Eido

taberna

Especialidades en: Angulas e Lampreas, Peixes do Río, Choclos a Pranda, Bacalao e Kikos a la brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968

Tel: 906 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

PINTURAS FERNANDO MÍGUEZ

Rúa Arxentina, 11-Saavedra de Castela
T: 886 115 548

Rúa Galicia, 5 - Salvaterra de Miño
T: 986 658 529

Móvil: 645 316 524
pinturasfernandomiguez@hotmail.com

Salvterra solicita a declaración de Zona Catastrófica polos incendios

O Concello de Salvterra de Miño solicita con carácter urxente a declaración de Zona Catastrófica no Concello e en todas as zonas afectadas en Galicia polos diversos incendios, á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado. Ademais de pedirle que poñan en marcha, o antes posible e de forma áxil os mecanismos de axudas para os afectados e afectadas desta gran catástrofe.

Salvterra de Miño estivo asediada polos incendios durante o domingo 15 e o luns 16 de outubro, encontrándose en case todo o tempo en nivel II debido as

súas dimensións e a súa cercanía aos núcleos de poboación.

Incendios que deixaron centos e centos de hectáreas queimadas neste Termo Municipal, deixando ao seu paso danos moi importantes en vivendas, cubertos, galpóns, cuadras, vehículos, tractores, montes con árbores, viñedos, terras de cultivo, aperos de labranza, maquinaria en xeral, instalacións eléctricas e de servizo de auga, alcantarillado, sinais, danos en camiños, en pistas municipais, etc.

O Concello tamén quere recoñecer e agradecer a todas as persoas que colaboraron na extinción

dos diversos focos de incendio, para evitar danos maiores.

Os diversos incendios, que estiveron activos durante estes dous días, deixaron un panorama desolador e devastador en gran parte do noso municipio, cuxa recuperación será complicada e lenta.

O Concello está facendo unha relación dos danos sufridos, con visitas aos lugares dos danos, aos efectos de posibles axudas de todos os organismos oficiais, ademais de colocar "Avisos" informando a poboación para que os afectados se comuniquen co propio Concello.

Cursos e actividades 2017/18

Marta Valcárcel, Primeira Tenente Alcalde de Salvterra de Miño ven de presentar os novos cursos e actividades para o 2017/18, gratúitas e para empadroados, que veñen cargadas de variedade e numerosas novidades e que abren a súa inscrición a partir do 16 de outubro.

Dirixido as persoas maiores, a partir do 25 de outubro empezará o obradoiro de memoria e lectura e o curso de iniciación á informática. Este ano tamén se aposta pola Escola de Maiores.

Se tes máis de 18 anos podes participar no curso "Recicla e non tires", no Obradoiro Floral, no "Mundo da Goma Eva", en "Dalle un xiro ao teu C.V.", ou participar nas xornadas de "English Speaking".

No obradoiro "Máis que plantas", se farán e estudiarán os xardíns verticais, os xardíns aromáticos, o esquexado de plantas,

o mundo das plantas para a beleza e a creación de minixardíns.

Nas xornadas "Salvterra fai Deporte", poderase desfrutar de actividades deportivas, dende o 1 de novembro ao 31 de maio, como aerobio e zumba, pilates, adestramentos persoais e sendeirismo.

E para os máis cativos a biblioteca municipal oferta dende o 24 de outubro ao 29 de maio, como todos os anos, os obradoiros de lectura infantil.

Se estás interesado en participar ou simplemente pedir información diríxete ao Concello ou chama ao 986 658 082.

O Concello de Salvterra reclama melloras nas liñas de transporte urbano

Tras varias reunións mantidas cos responsables de Transportes, na última reunión en Santiago coa Conselleira e o Director de Transportes da Xunta de Galicia, o día 10 de outubro, o Alcalde presentou as necesidades reais do transporte neste Concello, solicitando ampliación de liñas e modificacións de horarios. Nesa reunión manifestouse por parte dos responsables que se estudarían para ter en conta.

A proposta presentada polo Concello de Salvterra foi:

Liña Uma - Viloacoba - Lira - Leirado - Salvterra - Vigo (Álvaro Cunqueiro) de luns a venres saída de Uma ás 7.30, 8.50 e 16.10h, pasando por Salvterra ás 8.05, 9.30 e 17.05h, chegando a Vigo. Regresos dende o Hospital Álvaro Cunqueiro ás 11.00, 15.15 e 20.45h, pasando por Salvterra (12.15 - 16.25 - 22.05h) - Leirado - Lira - Viloacoba e chegando a Uma ás 12.50, 17.00 e 22.30h. Os sábados, domingos e festivos saídas dende Uma ás 9.10 pasando por Viloacoba - Lira - Leirado - Salvterra (9.45) -

Vigo e regreso, saíndo do Hospital Álvaro Cunqueiro ás 12.30 e 18.30 - Salvterra (13.45 - 19.45) con chegada a Uma ás 14.20 e ás 20.20h. Con esta solicitude dáselle cobertura a tres parroquias que quedaban sen liña de transporte (Lira - Viloacoba e Uma) e ampliase os horarios de paso pola parroquia de Leirado en ambas direccións.

Salvterra estará unida con Vigo e co Hospital Álvaro Cunqueiro (pasando por Salceda ou Ponteareas): De luns a venres: Ás 6.45, 7.05, 8.05, 8.15, 9.30, 10.45, 13.45, 15.05, 17.05, 18.45, 19.05 e 20.45h.; Sábados, domingos e festivos 6.45, 9.45, 13.45, 16.15 e 20.45h.; Regresos do Hospital Álvaro Cunqueiro: De luns a venres: 8.15, 9.00, 9.30, 10.00, 12.30, 13.30, 15.15, 17.00, 19.15, 20.45, 21.15 e 22.15h.; Sábados, domingos e festivos: 8.15, 12.30, 15.15, 18.30 e 22.15h.

As parroquias de Porto - Arantei e Cabreira quedarán atendidas pola liña nº 18 con dúas saídas e dúas chegadas pola mañán a Salvterra.



CONDADO / PARADANTA

ARBO

Un millar de persoas dan a benvida o outono na Festa da Colleita de Sela

Un ano máis a Asociación Cultural Virxe do Carme de Sela celebrou a Festa da Colleita, os días 11 e 12 de outubro. A actividade calificouse como moi beneficiosa para esta parroquia, donde a afluencia de visitantes superou as expectativas, triplicando a de anos anteriores.

Máis dunha veintena de Tractores e Chimpins participaron no desfile de carrozas. As carrozas son o espírito da Festa, a súa tradición supera os 40 anos e son confeccionados sobre tractores ou monocultores adornados con produtos típicos e engalanados representando escenas do campo.

Nos primeiros anos o desfile tiña lugar con carros tirados por bois. Aínda que non existe competición real entre os participantes, o certo é que cada ano todos intentan superarse e discurren inxenosos e divertidos deseños, con palla, follas de vide, barriles, cabazas, uvas e todo o que se lles ocurra que garde relación coa colleita. Este é o momento máis esperado polos visitantes que esperan impacientes dende o alto da Praza.

Os actos programados deron comezo o mércores día 11 de outubro, ás 20.00h cando se proceda a sentar o pote o lume para



destilar augardente durante os dous días de maneira gratuita, as 21.00h Gran magosto con castañas e chourizos e posteriormente a actuación do Grupo Prisma.

O Xoves organizouse unha saída a cabalo posteriormente a misa na honra de santa Isabel e San Martiño partires das 12.00 sesión vermut con pulpo do Baranda e amenizado polo grupo tradicional de Gaiteiros "Leña Verde". a partires das 17.00h cunha veintena de carrozas polas rúas de Sela o V concurso de Postres, as 18.30 o Grupo Megadance de Arbo, ás 19.30 actuación da Charanga Noroeste e para rematar Gran Queimada

tradicional e Chocolatada donde se degustaron estos productos gratis.

Tendo en conta que Sela é terra de augardenteiros os máis curiosos e apaixonados poideron admirar como se prepara este produto como antaño.

A festa da Colleita é un evento tradicional que vive en Sela, un atractivo que cautiva a nenos e maiores, que pretende manter vivo o espírito labrego e non esquecer estas labores que antaño unían a unha poboación. A Asociación Virxe do Carme de Sela quere agradecer aos participantes, visitantes e amigos que durante estos dous días se achegaron ata a Praza da Feira para desfrutar da Festa, a Deputación de Pontevedra, o Concello de Arbo pola súa colaboración e con un especial cariño dar as grazas a todos os veciños e veciñas da parroquia de Sela, que levan apoiando esta Asociación e confiando neles, e recordarlle que co esforzo de todos conseguírase que a Festa da Colleita sexa declarada de interés turístico autonómico.



Dez becas para universitarios en Arbo

O Concello de Arbo, en colaboración coa Fundación "Segundo Gil Dávila", convoca dez axudas de estudos de 500 euros cada unha.

Poderán solicitar esta axuda aqueles mozos e mozas, que realicen estudos universitarios no presente curso 2.017/2.018 e que cumpran os seguintes requisitos: estar empadroadado no Concello cun ano de anterioridade ao momento en que se solicita a beca; Non estar en posesión ou non reunir os requisitos legais para a obtención dun título do mesmo ou superior nivel ao correspondente ao dos estudos para os que se solicita a beca. A estes efectos, non poderán ser beneficiarios de beca aqueles estudantes aos que unicamente lles reste, para a obtención do título, a acreditación dun de-

terminado nivel de coñecementos dun idioma estranxeiro; Estar matriculado nalgunha das ensinanzas universitarias do sistema educativo español para obter un título universitario oficial; No caso do Master, só se terán en conta aqueles que habilitan para o exercicio profesional; Non atoparse incurso nalgunha das prohibicións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A Instancia de solicitude dirixirase ó Sr. Alcalde - Presidente do Concello de Arbo, acompañada da documentación establecida nas Bases da convocatoria (a disposición dos solicitantes nas Oficinas Municipais e na páxina Web).

O prazo de presentación estará aberto dende o día 2 ata o día 30 de Outubro de 2017.

Obradoiro de Baile de Romaría

O programa "Tecendo lazos" 2017 da Deputación de Pontevedra, que ten por finalidade desenvolver obradoiros interxeracionais no ámbito do lecer e do tempo libre, organiza un obradoiro de bailes de romaría en Arbo.

O obradoiro de Bailes de Romaría impartirase no edificio multiusos os días 27, 28 e 30 de novembro e 4 e 5 de decembro entre as cinco e media e as oito e media da tarde (o último

día unha hora máis).

O prazo de inscrición está aberto ata o día 31 de outubro. Para máis información no segundo andar do Concello de Arbo ou chamando ao teléfono 986 665 000.



LIMPIEZAS
PONTEAREAS

Comunidades, Colegios, oficinas
cristalerías, moquetas, abrillantado
de suelos, primeiras obras,
limpeza de fachadas

Rúa As Lavandeiras, 3 Baixo
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 052

EMILIO
seguros



DECESES · HOGAR · JUBILACIÓN · AHORRO · ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA · COMERCIO · PYMES · COMUNIDADES · R. CIVIL · AUTÓNOMOS · Etc...
telf. información: 609 544 351

Forjados
hinos. duran s.l.



Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribarieme, 1
36447 AS NEVES (Pontevedra)

Tel: 986 648 150
Fax: 986 648 030
e-mail: duran@forjadosduran.com
http: www.forjadosduran.com

Estollada e Magosto 2017

SABADO 11 DE NOVENBRO

ÁREA RECREATIVA DO MUÍÑO DA PONTE CORZÁNS - SALVATERRA DE MIÑO

DE 17:00 a 19:00H OBRADOIROS DE XOGOS TRADICIONAIS DA COLLEITA PARA OS MÁIS PEQUENOS A CARGO DO GRUPO BARAFUNDA

19:00H COMEZO DO MAGOSTO PEROS Ó VIÑO E CASTAÑAS DE BALDE CHOURIPÁNS

ANIMACIÓN CON
DAVID DJ e o grupo folk punk MILLO

ORGANIZA: ASOCIACIÓN CULTURAL QUINTA DO PIÑEIRO

COLABORA:

Ampliación do Cemiterio Municipal da Cañiza

O Concello iniciou as obras de ampliación do cemiterio municipal coa construción de 128 novos nichos.

Todos aqueles veciños interesados en obter máis información poden achegarse ata as oficinas xerais.



Voluntarios retiran mil kilos de lixo no Regato de Coveliño



O Programa de Voluntariado do Concello de Covelo coa colaboración da Asociación Covelo Natural, participaron o pasado 30 de setembro na X Limpeza Simultánea "Mollate polos ríos" de Adegas, que tivo lugar en 49 concellos e na que participaron 69 entidades sociais.

En Covelo, vinte voluntarios participaron na limpeza do Regato de Coveliño entre as dez e media e a unha do mediodía, e ao remate gozaron dun pícnic.

Os voluntarios recolleron preto de mil kilos de residuos, que separaron e levaron ao punto limpo de Covelo.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

LOURIÑA

O PORRIÑO

O Porriño estará cartografiado dixitalmente

Nuns meses, todo O Porriño estará cartografiado dixitalmente, e todos os seus camiños, lugares, estradas, carrís, travesías e rúas estarán perfectamente nomeados. Os traballos, impulsados pola alcaldesa, Eva García de la Torre, e que están a ser realizados pola Concellería de Urbanismo, que dirixe Marcelino Coto, xa comezaron e o resultado da primeira fase dos mesmos poderá verse nun prazo de 6 meses.

O obxectivo é que cada casa do concello estea perfectamente sinalada, empezando polo seu empazamento exacto, o nome da parroquia e do lugar, o camiño no que se sitúa e polo que se accede á mesma-se este é de terra, se grava ou de asfalto- a numeración, unha xeo-referencia que inclúe a súa situación e a dos seus habitantes e unha referencia catastral que pode consultarse, informáticamente, en medio minuto.

A empresa Laya, especializada na realización de rúas e numeración municipal, en dixitalización cartográfica, elaboración de mapas e publicación dos mesmos en portais web, empezou este martes, no lugar de Pinzal, na parroquia de Cans, este traballo que se prevé estea rematado a vindeira primavera.

Persoal da mesma, “perfectamente identificado cunha creden-



tación que leva o selo do Concello”, indica Marcelino Coto, percorre xa O Porriño falando cos veciños e tomando os datos que demanda este Sistema de Información Xeográfica (SIG pola súa abreviatura en inglés), que permitirá dispor dos mesmos nun software e, dunha banda, pendurar esta cartografía, para a súa consulta, na páxina web do Concello e, doutra, que servizos municipais coma o Padrón, Estatística ou os servizos de Emerxencia, poidan consultar calquera información que precisen.

“Este proxecto terá tamén outras utilidades esenciais, coma que os envíos que reparte Correos cheguen ao domicilio ao que van dirixidos, algo que moitas veces non sucede posto que os carteiros cambian e cando non

coñecen unha parroquia non teñen unha situación exacta na que deixar ese paquete ou esa carta xa que non hai o nome dun camiño e, moito menos o número de cada unha das casas do mesmo”, sinala Marcelino Coto.

Ao mesmo tempo que se leva a adiante esta labor, o Concello pedirá aos veciños de cada lugar que sexan os que decidan os nomes das estradas, travesías e camiños, “en función dos nomes polos que son coñecidos habitual ou historicamente”, nomes que pasarán a ser oficiais e a incorporarse a este novo ‘rueiro’ que, sinala o concelleiro, “mesmo contempla o feito de que nunha finca na que non haxa construción algunha pódase edificar no futuro, asignándolle xa un número por anticipado”.

O Goberno local eliminará barreiras sensoriais nos edificios municipais para facelos accesibles a persoas con discapacidade intelectual

Alcaldesa, Eva García de la Torre, e a concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Soledad Girón, mantiveron unha xuntanza con responsábeis de ACEESCA e distintos especialistas co obxectivo de impulsar dende o Goberno local do Porriño un proxecto que permita eliminar as barreiras sensoriais que impiden o acceso á información a través dos sentidos ou as barreiras cognitivas, que impiden a comprensión do entorno e os seus elementos, e facer os edificios municipais, accesíbeis ás persoas con discapacidade intelectual.

A xuntanza, e o feito de expor este obxectivo coincide con varias datas sinaladas: o Día Internacional da Accesibilidade Cognitiva, e a celebración os vindeiros días 19 e 20 de outubro, do Congreso Estatal de Accesibilidade Cognitiva que baixo o lema “Queremos comprender o mundo”, xuntará en Cáceres a 400 persoas procedentes de España, Europa e os Estados Unidos que debate-

rán sobre cómo garantir a igualdade de oportunidades para todas as persoas.

Soledad Girón subliña que “para unha persoa con discapacidade intelectual, frecuentemente os iconos resultan moi confuso”, ás veces é case imposible vendo os símbolos saber cal é o baño para cada sexo ou, se usan aparatos auditivos, entender o que se fala debido a posibles interferencias que poden eliminarse doadamente instalando un aparello que as neutralice.

“As dificultades de accesibilidade na discapacidade intelectual é moi pouco coñecida e unha grande esquecida porque habitualmente pensamos nas barreiras físicas”, indica a alcaldesa quen asumiu o compromiso de manter xuntanzas periódicas para por en marcha ideas que eliminen estas barreiras e faciliten a accesibilidade e a poñer en marcha, nos inmobles municipais, medidas que eliminen as barreiras que se atopan as persoas con discapacidade intelectual.

‘Llega 800’, está a levar adiante no Porriño as actuacións técnicas necesarias nas instalacións de recepción dos usuarios da Televisión Dixital Terrestre (TDT)

A entidade ‘Llega 800’, está a levar adiante no Porriño as actuacións técnicas necesarias nas instalacións de recepción dos usuarios da TDT, que son de balde para os veciños afectados polo inicio da prestación do servizo de telefonía móbil 4G, que pode afectar á recepción da televisión dixital terrestre.

Dacordo coa Orde Ministerial que regula este proceso, o prazo para solicitar as actuacións por parte dos usuarios que se vexan afectados é de 6 meses dende a data de posta en servizo

das estacións de telefonía móbil.

Aínda que no caso do Porriño este prazo cumpriuse xa, o mesmo amplíase ata o 31 de outubro para solicitar as actuacións, de balde, por parte dos usuarios da TDT polas posíbeis afectacións ocasionadas polo 4G.

No futuro, no Porriño, poderían acenderse novas estacións de telefonía móbil, na banda de 800 MHz, se así o consideran preciso os operadores para mellorar este servizo: neste caso atenderíanse, tamén de balde, as incidencias que houbese, abrín-

dose outro prazo de 6 meses dende a data de acendido.

Os veciños que poidan verse afectados por estas incidencias poden poñerse en contacto con ‘Llega 800’ chamando ao teléfono 900 833 999.



O PORRIÑO

20 persoas sen emprego asinan un contrato de traballo por 9 meses e adquiren unha formación oficial no Obradoiro 'Covelo II'

Vinte personas que estaban na procura de emprego, poderán traballar ata xullo de 2018 e, ao mesmo tempo, adquirir unha formación coma técnicos de atención sociosanitaria en domicilio e institucións e auxiliares da construción, no obradoiro de emprego 'Covelo II'.

A concelleira de Emprego, Benestar e Igualdade, Soledad Girón, xunto co delegado da Xunta en Vigo, Ignacio López-Chaves, o xefe territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, Ignacio Rial, e a directora do obradoiro, Begoña Echegaray, deu a benvida na sede de Porremprego, no Multiusos de Torneiros, aos participantes neste obradoiro.

No acto, Soledad Girón subliñou a importancia da colaboración entre diferentes administracións para "crear emprego" e, cualificou de "esencial" a formación coma canle para aumentar as posibilidades de voltar ou introducirse no mercado laboral.

A concelleira lembrou que este obradoiro é un bo exemplo desa colaboración posto que a súa realización é posible grazas a achega de 280.000€ por parte da Consellería de Economía, Emprego e Industria, cantidade á que hai que sumar 45.000€ que aporta o Concello do Porriño.



Girón indicou que os 20 participantes neste obradoiro teñen un contrato laboral de formación, obterán un certificado que vailles permitir acreditar, oficialmente, que contan cos comeñentos que adquirirán no mesmo e, subliñou o feito de que a ampliación deste contrato pasa de 6 meses doutros ano a 9, o cal "ademais de mellorar a súa preparación fai que adquiran dereitos que non terían cun contrato de so 6 meses de duración".

A concellería sinalou que o Goberno local está a impulsar, ademais da colaboración co Goberno de Galicia e a Deputación de Pontevedra, a sinatura de convenios formativos con empresas privadas que permitiu que dúcias de persoas estean traballando.

Froitos destas iniciativas, daccordo cos datos publicados a principios deste mes polo Ministerio

de Emprego e Seguridade Social, a taxa de desemprego situouse no Porriño no 18%, 6 puntos menos que cando o actual Goberno Local empezara o seu mandato: daquela a porcentaxe do paro estaba no Porriño por riba do 24% e 2.139 veciñas e veciños estaban na procura dun posto de traballo, preto de 500 máis que na actualidade.

Soledad Girón reiterou que a creación de emprego "é a prioridade número un deste Goberno local" e repetiu que todas as xestións e os recursos municipais están orientados a esta finalidade, algo que está a funcionar posto que O Porriño pechou setembro con 1.654 persoas desempregadas, unha realidade que non se vía dende hai case unha década e en so un ano "o paro reduciuse na preto de 5,5 puntos", un dato inédito.

O Concello daralle a palabra ás rapazas e rapaces e presentarse ao 'Recoñecemento de Cidade Amiga da Infancia' de UNICEF

Trátase dun proceso no que nenos, nenas e adolescentes dos distintos centros públicos do Porriño, terán a oportunidade de expresar a súa opinión sobre aqueles aspectos que mais lle preocupen, así como tamén achegar as propostas de solución que consideren, co compromiso de que serán tidas en conta polo Goberno Municipal.


Na mente do Concello está presentarse ao 'Recoñecemento de Cidade Amiga da Infancia', que promove UNICEF, e polo tanto trata de camiñar cara unha política local de infancia baseada nun diagnóstico da realidade dos nenos e nenas e da localidade, realizada de forma participativa.

Lourdes Moure, Concelleira de Xuventude e Educación, a través da súa OMIX, e promotora da iniciativa considera que "o papel dos centros educativos é fundamental para iniciar este camiño, xa que ademais de axudarnos a chegar ao conxunto da poboación impli-

cada, poden converterse nos principais dinamizadores da devandita participación", polo que mantivo unha xuntanza con representantes dos centros escolares para presentarlles a iniciativa e coordinar con eles a súa posta en marcha.

Nesta primeira toma de contacto a concelleira comprometeuse tamén darlle a palabra aos nenos e ás nenas do municipio nun 'Pleno infantil' que se realizará no mes de novembro, co motivo da conmemoración do Día dos Dereitos da Infancia.

O Concello pretende con isto, sentar as bases dun futuro órgano estable de participación infantil, xa que este tipo de accións non deben ser puntuais, polo tanto xa están previstas tamén outras iniciativas como a instalación de caixóns de suxerencias nos centros escolares, ou habilitar unha conta de correo na que calquera persoa poda realizar as súas aportacións.



LOURIÑA

O PORRIÑO

A alcaldesa entrega á Xunta todas as reclamacións dos veciños e pide que haxa “axiña” unha solución para o transporte

A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, e o concelleiro de Tráfico, Orlando Márquez, mantiveron este martes, en Vigo, unha xuntanza, solicitada polo Goberno local, co xefe territorial da Consellería de Infraestruturas en Pontevedra, José Luis Díaz Yañez, na que expuxeron os problemas causados na vila tras a posta en marcha do novo Plan de Transportes.

Eva García de la Torre entregou ao xefe territorial todas e cada unha das reclamacións presentadas por veciñas e veciños do Porriño que “víronse afectados por esta desorganización”, logo de que unha das empresas adjudicatarias do servizo de transporte interurbano renunciase a seguir prestando o mesmo, “e de que a Xunta non prevera, con suficiente adianto, os graves contratempos que isto causaría aos usuarios”.

A alcaldesa sinalou que estes problemas afectan, especial-

mente, ás veciñas e veciños de Budiño, “porque elimináronse liñas e frecuencias de Salceda”, e ás veciñas e veciños de Mosende, de Chenlo e de Torneiros, e subliñou que os datos difundidos publicamente pola Xunta e os que se manexaban dentro da propia administración autonómica “non cadraban”.

García de la Torre sinalou coma exemplo que, en teoría, O Porriño tería servizo, dende a Avenida de Galicia ata Vigo cada media hora, algo que na xuntanza púxose de manifesto que non está a ocorrer, e tamén, indica a alcaldesa, o feito de que se suprimiron autocares e horarios, entre eles un dos que tiña máis viaxeiros: o autobús de Vigo a O Porriño das 10 e media da noite.

A rexedora, que cualificou a reunión como moi cordial, afirma que o responsábel de Infraestruturas tomou nota de todo elo, salientou que “deixamos moi craro que unha cousa



é o que se di nos papeis e outra o que ocorre na realidade no Porriño co transporte de viaxeiros” e reiterou que a Xunta ten reclamacións “no so do noso Concello, senón de Salvaterra, Salceda, Tui, Ponteareas e Mos” para saber que agora estamos nun problema de falla de planificación no transporte, aínda que constatou que viu o interese do xefe territorial por solucionar axiña esta situación, “e de o servizo se preste con regu-

laridade e con previsibilidade, de xeito que os veciños saiban que cada 20 minutos ou cada media hora hai un autobús e que pasa a unha hora determinada e establecida”.

Neste senso, Eva García de la Torre adiantou que xa hai unha empresa disposta a facerse cargo do servizo de transporte que deixara de prestar a anterior e que agrada que isto faga que “este problema vaia solucionándose”.

O Concello media en Maderas Iglesias

Os traballadores de Maderas Iglesias, reunidos en asemblea, amosáronse a prol de que o Concello do Porriño sexa un dos mediadores no conflito que o persoal mantén coa dirección da empresa.

Este mércores a alcaldesa xunto con concelleiro de Industria, o tenente de alcalde e o concelleiro de Emprego de Mos, mantiveron xuntanzas cos traballadores e con representantes da empresa de cara a facer posible un entendemento entre as dúas partes.

A rexedora sinalou que na xuntanza constatouse que a empresa xa pagara a meirande parte do adebedado ás traballadoras e traballadores, aos que aínda queda por cobrar unha cantidade, e sinalou que agora o eido no que hai máis desacordo é o desenrolo do Expediente de Regulamento de Emprego (ERE) temporal que afecta a boa parte das empregadas e empregados.

O Goberno do Porriño rexeita as "falsidades" do PP sobre o Plan de Transportes da Xunta

O Goberno local do Porriño quere rexeitar, de plano, as afirmacións do Grupo Municipal do Partido Popular sobre o novo Plan de Transporte da Xunta de Galicia e as falsidades, manifestamente comprobábeis, nas que incorre o PP local.

Falta completamente á verdade afirmar que o Goberno local amosou “unha absoluta despreocupación” por este problema, coma di o Partido Popular, de feito, o 27 de xuño deste ano, a alcaldesa, Eva García de la Torre, asinou, xunto cos alcaldes de Covelo, Mondariz Balneario, Mondariz, Ponteareas, Salceda e As Neves, un documento remitido á Dirección Xeral de Mobilidade- dependente da Consellería de Infraestruturas, na que alerta sobre as “consecuencias que terá a proposta da consellería nos usuarios do transporte público de viaxeiros”.

O Goberno local non pode comprender o cinismo do Partido

Popular do Porriño que nunha nota enviada aos medios de comunicación afirma que “solicita que se restablezan as liñas e frecuencias afectadas coa implantación do novo Plan de Transporte no Porriño”: no mesmo documento do pasado mes de xuño, os alcaldes, entre outras propostas, piden á Consellería que “se manteñan os servizos de liña regular existentes ata que non exista un sistema alternativo eficiente de transporte público”.

No devandito documento, pídesse á Xunta que o transporte chegue ás parroquias, que non se exclúa a sectores da poboación por idades ou que se leve a cabo unha reorganización horaria dos servizos.

Así mesmo, tamén é falso, como asegura o Partido Popular do Porriño, que o Goberno local “nin se quera cubriu o formulario enviado pola consellería avaliando de maneira previa a implantación do Plan de Transporte no Municipio”. A Consellería de

Infraestruturas, á fronte da cal está unha responsable do PP, desminte ao seu propio partido no Porriño: o cuestionario respostouse o día 7 de febreiro deste mesmo ano, hai preto de 8 meses.

O PP local non se axusta á verdade nin no que se refire á Xunta de Voceiros do Concello: logo desta xuntanza, o 20 de setembro remitiuse, dende a Alcaldía, vía email, ao voceiro municipal do Partido Popular un borrador da nota de prensa proposta no nome de todos os grupos da Corporación, e a resposta do voceiro popular, o día 22 de setembro foi: “antes de enviar el comunicado de prensa, debemos solicitar a la Consellería de Infraestruturas la información necesaria acerca de las líneas actualmente existentes, paradas y horarios. Una vez conocidos estos datos, y si efectivamente no se cubren los servicios, entonces procederemos a enviar el comunicado conjunto y a recla-

mar a la Xunta que cubra las necesidades existentes en nuestro término municipal”.

Sorprende que o PP diga que pedirá na Xunta de Voceiros que se “restablezan as liñas e frecuencias afectadas, de xeito que os veciños e veciñas das parroquias porriñesas non vexan mermando o servizo de transporte público” e que, ao mesmo tempo, afirme que non as coñece e que ten que pedir á Consellería de Infraestruturas que concrete cales son esas liñas e frecuencias.

Coma é posible que Partido Popular do Porriño estea a pedir que se recuperasen unhas liñas, uns horarios e uns percorridos que descoñecía?

Simplemente: non é posible porque o PP do Porriño o primeiro no que pensou foi nos intereses da conselleira e nos do seu partido non nos das veciñas e veciños, que ata hoxe presentaron no Concello, vía correo ordinario, correo electrónico, no Rexistro Municipal, en persoa ou

por medio das redes sociais, dúcias de queixas e reclamacións polos problemas, en moitos casos moi graves-coma falla de conexións, de liñas ou de autobuses que os deixen no seu traballo, nos seus centros de estudos ou no médico á hora necesaria- que están a padecer por dos cambios no transporte.

Por último, o Partido Popular do Porriño afirma que está a “levar a cabo as xestións precisas para resolver as dificultades xeradas co novo Plan”, Plan aprobado pola Xunta de Galicia, dirixida polo Partido Popular, e asegura que iniciou “as xestións precisas para dar solución á problemática do transporte no Porriño”: se cadra froito desas xestións debe de ser a negativa da conselleira de Infraestruturas a recibir á alcaldesa, Eva García de la Torre, coma pedirá a rexedora nunha carta urxente, á que deriva ao Xefe Territorial da Consellería de Infraestruturas en Pontevedra.

O PORRIÑO

O Concello impulsa nas escolas programas de igualdade e contra a violencia de xénero

A Concellería de Igualdade, que dirixe Soledad Girón, presentou dous proxectos que se desenrolarán nos centros educativos do Porriño e que teñen coma obxectivo o de impulsar, “dende as ideades máis temperás” o concepto de igualdade.

O primeiro deles, destinado a cativas e cativos de 5 anos, que cursan Educación Infantil, quere “quitar as etiquetas” de xénero empregando para eles os xoguete e as profesións de xeito que as pequenas e pequenos visualicen e perciban unha realidade que xa superada: que non hai xoguete ou profesións que sexan diferenciadas para homes e para mulleres.

Unha segunda actividade estará destinada a alumnas e alumnos de 6º de Primaria e terá coma obxectivos a eliminación do ‘Bulling’, o acoso escolar, usando o que se coñece coma ‘Mapa de Empatía’ que pon o foco deste problema na persoas acosada e no seu acosador ou acosadora, de xeito que as rapazas e rapaces se poñan no pel delas.

Os mesmos estudantes traballarán, en equipo, cunha APP que lles permitirá fomentar a creatividade tendo coma referencia o xénero.

Polo que atangue a Educación Secundaria, a Concellería de Igualdade impulsa un programa para a Prevención da Violencia de Xénero en Adolescentes, no que os protagonistas son as rapazas e rapaces de 2º e 3º.

A súa finalidade es que sexan elas e eles mesmos os que o desenrolen e o xestionen como queiran para chegar ás conclusións e deducións propias debatendo sobre certos roles que teñen que ver con este problema.

A necesidade de poñer en marcha este proxecto veu dado polas conclusións dun estudo sobre a Violencia de Xénero nestas idades que aportaron datos tan preocupantes como que en España número de adolescentes con problemas relacionados coa violencia de xénero aumentou nun 50% no último ano; máis de 2.000



adolescentes contan con protección coma vítimas deste tipo de maltrato; un 12,2% de menores de 18 está sometido a medidas policiais neste ámbito.

Aínda que o 96% das chicas e o 92% dos chicos rexeiten a violencia de xénero, non recoñecen que haxa este tipo de violencia en actitudes ou comportamentos coma o control por parte da súa parella do seu teléfono móbil ou o seu xeito de vestir.

O 60% das rapazas que denuncian este comportamento non recoñecen que son elas as vítimas;

as primeiras relacións sexuais consúmanse con 12-13 anos e nesa mesma idade moitas rapazas e rapaces xa tiveron contacto co alcohol e as drogas.

“O feito de que o 27,7% dos centros, o 39,9% das profesoras e profesores traballen nestes temas e que a metade dos adolescentes sinalen que lles falaren nos seus centros educativos de violencia de xénero, fai que os institutos sexan o lugar máis axeitado e convinte para impulsar este programa”, indica Soledad Girón.

Obras no saneamento de Casal-Budiño

A Concellería de Vías e Obras, que dirixe Manuel Carrera, está a levar adiante traballos de mellora do saneamento na estrada provincial EP-2405, na zona de Casal-Budiño.

Este traballo, que “foi aprobado polo Pleno do Concello do Porriño co voto en contra do Partido Popular, coma sucede con outros traballos e melloras impulsados polo Goberno local”, consistirá na realización dun cruzamento nesta estrada- logo de obter o permiso da Deputación de Pontevedra- e unha obra de recollida de augas pluviais.

Manuel Carrera subliña que este proxecto, que conta cun orzamento de 23.000€, “dará servizo, en principio, a 8 casas” e permitirá, pois estará xa adaptada e preparada para que sexa así, que máis vivendas poidan conectarse á rede municipal.

A Deputación atende a petición do Goberno local e aproba un orzamento de 220.000€ para a mellora do cruce de A Costeira

A Deputación de Pontevedra vén de anunciar oficialmente no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) a contratación dos traballos de mellora da intersección da EP-2405 con dúas vías municipais no lugar de A Costeira, en O Porriño. O prazo de presentación das ofertas finaliza o vindeiro 24 de outubro, e a adxudicación realizarase mediante procedemento aberto.

O orzamento global da actuación é de 220.336,36€ dos que 198.801,60 euros están previstos para a realización da obra e a cifra restante para as expropiacións necesarias. Nos criterios de adxudicación do contrato avalíaranse o programa e equipa de traballo, o plan de control de calidade, a memoria e o plan de actuacións ambientais, se ben o prezo ofertado suporá para as empresas unha puntuación máxima do 55% do total.

O deputado de Mobilidade Uxío Benítez, afirma que a renovación deste cruce en O Porriño para mellorar a visibilidade dos

vehículos e garantir o tránsito peonil aos veciños e veciñas foi unha petición do goberno que encabeza Eva García de la Torre que encaixa “nas prioridades e eixos estratéxicos da Deputación de mellora da seguranza viaria nas estradas provinciais”.

De feito, indicou que a institución provincial ten en marcha un plan xeral de mellora de interseccións para eliminar puntos de sinistralidade na rede viaria propia e que esta en concreto é unha das máis problemáticas da provincia pola afluencia de vehículos pesados que se dirixen ao parque empresarial das Gándaras e ao Centro Tecnolóxico do Automóvil.

Benítez explica que a actuación consistirá na instalación dunha nova glorieta de reordenación do tráfico para mellorar a seguranza viaria, suavizar o trazado e mellorar as condicións de visibilidade e manobra. Para resolver a intersección ocuparanse dúas parcelas privadas e unha municipal e veranse afectadas dúas construcións, un alpendre-



almacén e unha marquesiña de bus na parcela municipal, cuxa demolición e nova instalación se inclúe no orzamento do proxecto.

Ademais, urbanizarase a zona con beirarrúas para prestar continuidade ao tránsito peonil, habilitaranse pasos de peóns e a limitación específica de velocidade baixará de 50 a 30 quilómetros hora. Tamén se instalarán oito luminarias tipo led.



LOURIÑA

SALCEDA / MOS

CICLO CULTURAL 2017
PARDERRUBIAS
SALCEDA DE CASELAS

Do 4 ao 25 de Novembro

SÁBADO 4 DE NOVENBRO
21:45 H. **TEATRO**
OBRA: "SE HAI QUE BAILAR... BAILAMOS"
Compañía de Teatro A CIVIDADE - Louredo Mos

SÁBADO 11 DE NOVENBRO Torreiro do centro cultural. Con carpa.
20:30 H. **XII festival folclórico**

Grupo NOSA TERRA de PEREIRAS (Nax)
A.C. Escola de Danza e Gaiteira VIRXE DO ALVIO (Tosella)
Grupo Folclórico XUNCO de PARDERRUBIAS

SÁBADO 18 DE NOVENBRO
21:30 H. **TEATRO**
OBRA: "OS TRES GRANDES SINVERGONZAS"
Grupo de Teatro CASTRO BARREIRO

SÁBADO 25 DE NOVENBRO PECHÉ DO CICLO CULTURAL
21:30 H. **SHOW XUNCO**
ESTRENOS PLAY-BACKS e outras sorpresas

ORGANIZA: **XUNCO**
COLABORA: **COM. PROV. VOCAL DE MONTES DE PARDEIRUBIAS**
www.xunco.org
Nº Reg. Sanitario E-36-000038
PONTAREAS
r ú a s e n é n c a n i d o , 4

Mos presenta o novo Plan Xeral aos empresarios

O pasado día 5 tivo lugar no Pazo de Mos unha xuntanza na que o Concello de Mos, AEMOS, a Xunta, e as entidades que inflúen de primeira man no desenvolvemento da industria e o fomento do emprego como son XESTUR e o IGAPE, acercaron posturas con máis de oitenta empresarios que acudiron ó Pazo cá fin de escoitar as posibilidades e ventaxas que ofrece a recente implantación do Plan Xeral de Mos.

Julia Loureiro Campo, Conselleira de Urbanismo do Concello, resaltaba ó principio do acto que presentou conxuntamente con Manuel Castro Álvarez, presidente de AEMOS, a importancia do Plan Xeral implantado o 27 de Xullo de este ano en termos de seguridade xurídica, bonificacións que se pondrán en marcha, e o fomento do emprego en novas empresas e nas xa existentes.

Os técnicos do Concello presentarían os datos da situación actual do solo de Mos adicado á actividade industrial que experimentou un gran crecemento nos últimos anos. Entre os datos que ofreceron destaca que tras a aplicación do Plan Xeral a actividade creceu un 50% no seu primeiro trimestre.



Manuel Castro Álvarez, Presidente de AEMOS, centraba o seu discurso inaugural na importancia da aprobación do Plan Xeral de urbanismo en canto as facilidades que supondría para o pequeno empresario e sobre todo no proxecto de naves industriais que desenrolaría minuciosamente momentos despois Francisco Dominguez, Xerente de AEMOS, no cal se poñen á disposición dos empresarios un total de 18 naves industriais no Polígono de Veiradaña.

Xestur, empresa responsable da xestión do solo de Galicia, representada por Manuel Argimiro Martones Fernández, falaría minuciosamente das posibilidades e das vantaxes de adquirir solo mediante o dereito de superficie e da posibilidade de que varias empresas poidan presentar un proxecto singular conxunto que faga máis factible a súa entrada na actividade industrial.

Óptica mahen
mahen audioprótesis **Ópticos desde 1939**

Nº Reg. Sanitario E-36-000038

PONTAREAS
r ú a s e n é n c a n i d o , 4

SALCEDA

Solicitada unha subvención para a humanización da Praza da Devesa

O Concello de Salceda de Caselas ven de presentar o "Proxecto de mellora e acondicionamento da Praza da Devesa" no Plan de investimentos en equipos e dotacións singulares en mellora do reequilibrio territorial dos servizos en Concellos de menos de 20.000 habitantes convocado pola Deputación de Pontevedra. O proxecto conta cun orzamento de 483.671,86 € dos cales, de ser aprobado, a Deputación de Pontevedra asumiría un total de 386.937,49 €.

O proxecto estivera xa comprometido nos orzamentos do Estado de 2011, e parcialmente tamén nos do 2012. Sen embargo, o Goberno de Mariano Rajoy non cumpriu co recollido nos orzamentos, deixando o proxecto sen executar, a pesares de ter remitida toda a documentación que daquela se lle solicitara ao Concello.

Na obra contéplanse un es-



pazo para a parada do transporte público, un espazo propio para o Centro de Servizos Sociais, unha área de xogos infantís, zonas verdes, renovación das redes soterradas dos diversos servizos, novo alumado e diverso mobiliario urbano. A Praza da Devesa foi o centro neuráxico e histórico da vila, polo que o Equipo de Goberno considera primordial a recuperación e posta en valor do espazo.

Marcos Besada, Alcalde de Salceda, definiu o proxecto como "a creación dun novo espazo de 4.000 m2 que mellorará a paisaxe urbana da vila, revitalizando tamén as rúas contiguas, nunha zona actualmente pouco atractiva. Seguimos dando pasos na recuperación da nosa vila para as persoas, con especial coidado nos colectivos máis sensibles como os da infancia, a terceira idade, ou as persoas con discapacidade"

A Xunta recepciona a parcela para o centro de saúde de Salceda

O Alcalde de Salceda, Marcos Besada, e a Directora Xeral de Recursos Económicos do SERGAS, M^a Jesús Piñeiro, asinaron esta mañá ante notario a recepción da parcela cedida polo Concello de Salceda para a construción do novo Centro de Saúde por parte da Xunta de Galicia. Despois de que os servizos xurídicos da Xunta de Galicia analizasen os informes técnicos achegados polo Concello de Salceda, deron luz verde á sinatura do documento que hoxe se levou a cabo, validando así a xestión feita dende o Concello de Salceda para a cesión da parcela.

O Concello de Salceda de Caselas ten cedida a parcela ao SERGAS dende o 11 de maio de 2011, data na que se aprobou por unanimidade no Pleno Municipal. O pasado 26 de marzo de 2016, Alcalde e Conselleiro

asinaban o convenio para a construción do novo Centro de Saúde que hoxe dá un importante paso coa recepción da parcela ante notario por parte da Xunta de Galicia. O Equipo de Goberno congratúlase de que se sigan a cumprir os pasos establecidos dende a sinatura do convenio. O Equipo de Goberno agradeceu a dilixencia do Conselleiro de Sanidade e a súa boa predisposición para sacar adiante o tan necesario Centro de Saúde.

Marcos Besada: "Un dos temas prioritarios para os veciños e veciñas de Salceda está a punto de facerse realidade. Hoxe damos un importante paso na consecución do tan ansiado Centro de Saúde. Os nosos veciños e veciñas poden ter por seguro que seguiremos a poñer todo da nosa parte para que isto sexa unha realidade canto antes".

A Xunta financia orientadores laborais

A Consellería de Economía, Emprego e Industria destinará 145.731,85 euros á contratación de seis orientadores laborais en cinco concellos da área territorial de Vigo. Concretamente os beneficiarios son Vigo (con dous técnicos asignados), Mos, Ni-grán, Moaña e Salceda de Caselas.

O delegado territorial, Ignacio López-Chaves, foi o encargado de facer pública a resolución desta orde de axudas nunha rolda de prensa na que destacou que a orientación é "unha peza clave das políticas da Xunta e, polo tanto, un dos retos fundamentais da Axenda 20 para o Emprego,

coa que o Goberno galego está impulsando o emprego estable e de calidade".

Os orientadores laborais son os técnicos que realizan accións de orientación profesional para emprego e o autoemprego, dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación das persoas.





REFORZO ESCOLAR • IDIOMAS • TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA • TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS

CENTRO DE ESTUDOS

MATRÍCULA GRATUÍTA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH



Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
☎ 654 07 57 51



BAIXO MIÑO

TUI / TOMIÑO

Tui cambia de Alcalde

Por Guillermo Rodríguez

Na década dos oitenta, maio do 87, celebráronse unha eleccións municipais e nelas presentouse unha candidatura chamada Unión Tudense, capitaneada por un tudense que a partir dese momento comezou a subir politicamente como a espuma. Chamábase Juan Miguel Diz Guedes, que saíra elixido Alcalde de Tui e levaba de compañeiros nomes como Miguel Capón, José Luis Gómez Núñez, Antonio Fernández Rocha, que serían pasados os anos e os distintos avatares da política tamén alcaldes da cidade, con mocións de censura polo medio como ven de ocorrer días pasados. Nesa candidatura podíamos atoparnos con veciños de Tui de diversa condición: José Angel Villanueva Rocha, Luis Ubiña Romero, José Antonio Quiroga Quiroga, Miguel González Troncoso, José Luis Pérez Pérez, Raimundo Martínez Rodríguez (as malas linguas dicían que foi quen pagou os gastos da campaña que nunca recuperou), Cristina Cela Rivas, José Lago González, Fernando Fernández Álvarez, Fernando Fon-

tán Pereira, Alejandro Martínez González e Manuel Fontán Rodríguez. Como candidato á Entidade Menor de Pazos de Reis presentouse Victoriano Rendo Martínez.

Todos estes homes e mulleres (a verdade é que estas eran escasas naqueles tempos na vida política) formaron e forman parte do tecido político e social de Tui. Uns, como foi o caso de Diz Guedes, voaron alto (chegou a deputado, conselleiros do Goberno Galego e delegado do Goberno Central na Comunidade Autónoma de Galicia, Outros, como antes indicamos, foron alcaldes e concelleiros en diversas ocasións. Aquela candidatura foi como unha árbore da que se desprenderon distintas polas e que formaron logo novas árbores. Hoxe asistimos a unha nova moción de censura na que aínda algúns daqueles protagonistas tiveron moito que dicir.

Tui é unha cidade (foi capital de Galicia nos tempos en que eramos reinado) que ten unha moi activa vida política e social. Debe ser dos poucos, senón o único, concellos de Galicia onde cada vez que se celebran eleccións se

presentan un mínimo de seis ou sete candidaturas e todos conseguen representación municipal. Diríase que o tecido social de Tui é coma un crisol. Aquí danse todo tipo de sensibilidades políticas, polo que non nos debe estrañar que para conseguir formar unha maioría de goberno teñan que casarse, daquela maneira, varias candidaturas, logo de que tiveran que sufrir podas de membros nos desexados entre eles. Non podía ser doutro xeito. Como diría o filósofo, en Tui, non acaba de morrer o vello tempo e non vemos como nace o novo. Todo se mezcla; daquelas augas temos aínda certos lodos.

Hoxe vimos de asistir a toma de posesión dun novo alcalde. Un tudense que leva anos turrando por abrirse camiño na vida política galega. Creou o seu propio partido, presentouse as eleccións autonómicas sen resultados e repetiu sorte nas municipais onde, tal vez por ese reparto de sensibilidades das que antes falamos, conseguiu entrar na Corporación municipal Hoxe, por arte de birli birloque foille entregado o bastón de mando como alcalde da súa ci-



dade. Tal vez sexa para el unha das maiores satisfaccións que a vida lle teña dado. Seu pai, bo amigo meu, faleceu tempos ha; súa nai ven de ser vítima das malas praxes políticas deste Estado Español que non pensa na seguridade dos cidadáns. Carlos Vázquez Padín chega hoxe á alcaldía de Tui coa intención, penso eu, de ofrecer aos seus os resultados do seu esforzo e ambición política que, se é honesta, non ten por que ser mala.

A min persoalmente non me gustan as mocións de censura. Será porque entendo que no goberno dun concello ou dun país a Oposición tamén goberna, ou polo menos, debe poder representar con dignidade aos miles de votantes que lle deron o seu

apoyo. Por iso penso que un goberno, aínda en minoría, pode facelo ben se os demais teñen como polar as necesidades dos veciños, da poboación en xeral e non os seus réditos persoais. Esperemos que en Tui as cousas se fagan pensando nos tudenses e entendendo que ter un voto máis que os outros non debe considerarse patente de corso para non ter en conta aos miles de veciños que prestaron o seu apoio a outros candidatos. Iso sería gobernar con honestidade e respecto aos votantes dos outros partidos tan valiosos como aqueles que nos permiten chegar ao Poder. Espero que o novo alcalde, a quen dende estas páxinas lle desexo os mellores éxitos, así o teña en conta.



Tomiño o aproba o programa de baleirado de fosas sépticas

O goberno local de Tomiño o aproba o programa de baleirado de fosas sépticas para aqueles fogares que, por estar ubicados en zonas do municipio onde aínda non se desenvolveu a rede de saneamento, contén con fosas sépticas ou pozos negros.

A medida ofrecerá á poba-

ción unha alternativa bonificada para o baleirado de estas fosas, empregando para elo medios propios do concello. O programa permitirá ás persoas beneficiarias acceder ao servizo cunhas condicións económicas bonificadas, de xeito especial no referente ao primeiro baleirado anual da fosa. A bonificación será menor no

caso do segundo baleirado e consecutivos, o que pretende tamén mellorar e optimizar o funcionamento destes sistemas de residuos.

Para acceder ao servizo as persoas interesadas deberán inscribir a súa fosa séptica nun novo rexistro municipal, que pretende recoller información das



instalacións deste tipo que existen no territorio municipal, así como información das características das mesmas. Tal e como apunta a concelleira de medio ambiente, María Xosé Vázquez,

este rexistro non ten vocación de control senon informativa e estatística, e permitirá no futuro desenvolver axudas orientadas á mellora destes sistemas de tratamento de residuos.

TOMIÑO

utono cultural

Outubro

7 sábado: Pablo Díaz e a banda TIC, TAC, TOC. Concerto infantil | 18:00 h. | Entrada 3€, nen@s de balde.

15 domingo: O tolleito de Inishman. Versión e dirección: Cándido Pazó. Contra Producións. Teatro | 18:00 h. | Entrada 3€.

28 sábado: Canta connosco!!!. Migalás teatro. Teatro/música infantil | 18:00 h. | Entrada 3€, nen@s de balde.

Exposicións no Mercado

Olladas Basilio Calzado. Exposición pintura. 14 outubro - 12 novembro.

Escenarios da prehistoria. Fotografía Federico de la Peña. 22 novembro - 10 decembro.

Novembro

4 sábado: Cráneos privilegiados. Mola&Bela. Producións Excéntricas | 22:00 h. | Entrada 3€.

18 sábado: Agrupación Musical de Goián I. Santa Cecilia. Concerto | 20:00 h. |

Todas as actividades terán lugar no Auditorio de Goián. Venda de entradas 1 hora antes de cada función.

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA AGADIC Asociación de Indústrias Culturais mercado Tomiño Tomiño

Identidade aberta

Inaugúrase a exposición de pintura “Olladas” de Basilio Calzado

Dentro da programación do Concello de Tomiño Outono Cultural encádranse obras de teatro, espectáculos musicais e diferentes exposicións entre as que se atopa “Olladas” de Basilio Calzado.

Olladas é unha exhibición pictórica gratuíta que estará dispoñible para visitar no horario habitual do mercado municipal entre o 14 de outubro e o 12 de novembro, para todos aqueles que desexen asistir e desfrutar

desta mostra cultural á vez que pasan un tempo de lecer.

Basilio Calzado, natural de Tebra e fundador da Asociación Cultural “Val do Cereixo”, ten un estilo propio e acadou un remarkable lugar no panorama artístico actual por méritos propios. A concellería de cultura e o Concello de Tomiño pretenden facer accesible a cultura e respaldar a consagración de artistas propios da zona con este tipo de actividades.

Novo grupo de adultos na Escola de Teatro

Aos 3 grupos existentes na Escola Municipal de Teatro, de 4 a 8 anos, de 9 a 12 anos e de 13 a 17 anos, este ano incorpórase un cuarto grupo para persoas maiores de 18 anos. Esta nova ampliación nace da crecente demanda de persoas maiores de idade interesadas en asistir ás clases de teatro. Os horarios dos grupos son, respectivamente, de 17:30h a 19:00h, de 16:00h a 17:30h, de 19:00h a 20:30h e de 20:30h a 22:00h.

Co novo grupo o Concello de Tomiño busca iniciar no teatro a tódalas persoas que desexen adentrarse no mundo da interpretación, e á súa vez, dar continuidade aos mozos e mozas que xa asistían ás clases de teatro e que ao alcanzar a

maioría de idade non podían continuar nos antigos grupos de idade establecidos. Deste xeito, acérpanse as artes escénicas a tódolos públicos, sen límite de idade e dun xeito asequible.

Os tres primeiros grupos teñen un máximo de 20 prazas cada un, e o grupo de persoas adultas ten un máximo de 16 prazas. O prezo da actividade é de 15 € ao mes, aínda que existen descontos para irmáns ou irmás nos grupos de menores e para familiares no grupo de maiores de idade.

As inscricións e toda a información necesaria están dispoñibles na Concellería de Cultura do Concello de Tomiño, no teléfono 986 622 001, ou na páxina web www.tomino.gal.

Novas melloras na rede municipal de saneamento no barrio de Rexidouro

Os traballos comezaron a pasada semana pola zona máis baixa e húmida do barrio de Rexidouro, aproveitando o bo tempo e a falta de choivas, xa que baixo outras condicións climáticas poderíase complicar a correcta execución das obras. Ao finalizar este sector, continuarase co resto da zona que non é tan problemática en cuanto a cuestións técnicas e meteorolóxicas, segundo informaron os traballadores do Concello.

As melloras consisten no enganche dos novos ramais de co-

lectores de augas residuais nos barrios de Rexidouro e A Val, pertencentes á parroquia do Seixo, para conectalos ao colector xeral xa existente que vai á estación depuradora sita en Figueiró. Con esta nova obra, a cantidade total orzamentaria invertida nesta zona ascende aos 800.000€, cos que o Concello de Tomiño seguirá prestando un servizo de saneamento eficiente e de calidade, incorporando 150 novas vivendas máis á rede.

O concelleiro de Obras e Saneamento, Francisco Campo Lago, destacou o impulso e o tra-

ballo que se está a realizar dende o Concello de Tomiño e outras administracións públicas para que o maior número de persoas posible desfruten deste servizo. Proximamente está previsto continuar con novos proxectos de saneamento e alcantarillado tamén en Carregal de Abaixo, afirmou o concelleiro.

A previsión inicial é que as obras rematen entre finais deste ano e principios do ano que vén se non xorden imprevistos que poidan retrasar o avance das actuacións e, en calquera caso, os traballadores municipais mós-



transe optimistas á vista do actual ritmo e os avances alcanzados en pouco tempo.

O Concello de Tomiño quixo salientar que co remate destas obras, a porcentaxe de vivendas conectadas á rede de saneamento ascenderá novamente, si-

tuándose agora en torno a un 65%, gracias ás labores dos últimos anos de goberno. Ademais, aseguran que a inversión neste tipo de actuacións é unha das súas prioridades, para seguir ofrecendo un servizo esencial aos seus veciños e veciñas.

BAIXO MIÑO

A GUARDA

Parte do alumnado da Guarda conmemora o Día Internacional das Nenas coa obra de teatro "O Valo"

Parte do alumnado dos colexios PP. Somascos, San José-Carmelitas, As Solanas, Manuel Rodríguez Sinde e A Sangriña asistiron ao Centro Cultural para visualizar o espectáculo de clown "O Valo", coincidindo coa conmemoración do Día Internacional das Nenas.

Na obra, creada por Pallaso en Rebeldía para os concellos socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, represéntase o encontro entre unha nena que escapa da guerra e un soldado, gardián devoto das fronteiras móbiles. Esta é, así, unha peza que chama á reflexión dos cativos e cativas poñendo o foco nas fronteiras e a situación das persoas refuxiadas.

Compre ter en conta que o conflito en Siria obrigou a máis de cinco millóns de persoas a abandonar o país na procura de refuxio, entre as que se achan moitas menores. Elas, especialmente vulnerables á violencia, son as homenaxeadas na obra,



para que as teñamos presentes e as súas vidas constitúan o xerme da loita contra todos os valados, muros e fronteiras que separan aos seres humanos.

A tintura cómica da representación, baseada no texto homónimo de Carlos Labraña, cativou aos preto de 150 espectadores; rapazas e rapaces que se atopan cursando 1º da ESO nos centros Pais Somascos

e San José-Carmelitas, e o alumnado de 6º de primaria dos centros públicos e concertados da Guarda.

A concelleira de Cultura, Educación e Xuventude, Elena Baz, presentou o espectáculo referíndose á importancia de evitar o esquecemento das guerras e das persoas que se ven obrigadas a fuxir das súas casas.

Convocatoria aos artistas guardeses para a súa participación na ruta Petiscos con arte

O Concello da Guarda promoverá este outono unha nova ruta gastronómica na que se mesturarán as exposicións de arte coa gastronomía guardesa en pequeno formato.

"Petiscos con arte" será o nome da ruta, que se celebrará os venres, sábados e domingos das dúas últimas fins de semana do mes de novembro. A súa finalidade é promocionar a gastronomía e a creación artística na nosa vila, de xeito que os participantes poderán degustar petiscos mentres con-

templan as obras de artistas locais ou con vinculación ao noso Concello expostas nos locais durante a celebración da ruta.

Con todo, o Concello da Guarda convida aos artistas da localidade e dos arredores a expor a súa arte nalgún dos establecementos que participarán na ruta. As persoas que desexen participar deberán contactar coa Oficina de Turismo Municipal no teléfono 986 614 546 ou a través do correo electrónico turismo@aguada.es, indicando o seu interese na mostra ata este venres 20 de outubro.

Operativo contra o furtivismo nas zonas de A Guarda e Mougás



Comisamos 820 cacharros de polbo, máis de 40 quilos deste cefalópodo e tres palangres con 380 anzois. Foi nun operativo contra o furtivismo realizado nas zonas da Guarda e Mougás, no Baixo Miño. Os aparellos incautados estaban mal balizados, algúns deles largados en zona non au-

torizada e, ademais, o emprego dos cacharros de polbo está prohibido en Galicia.

Este operativo forma parte do conxunto dos controis que efectúa diariamente o Servizo de Gardacostas para evitar a extracción e comercialización ilegal de produtos pesqueiros e marisqueiros.

Presentación do libro Terra Queimada

O pasado día 14 de Outubro, fixose a presentación do libro Terra Queimada, do escritor Ramón Caride. A presentación tivo un espazo tremendamente fermoso, na Casa de Montes en man común de Camposancos.

Presentou o escritor, o poeta de A Guarda Francisco Alvarez Koki, quen despois de facer unha introdución o escritor de Terra Queimada, iniciou unha serie de preguntas, para que Ramón Caride, falase da súa última novela.

O final o publico asistente conversou e preguntou o escritor, quen tamen firmou exemplars do libro. Noraboa a Casa de Montes en man común de Camposancos, quen con moita ilusión fai un calendario de actividades que xa quixeran algúns concellos.



Boa acollida da Feira de Emprego e Formación

A primeira Feira de Emprego e Formación "ImaxinActivate" celebrouse na Guarda con tres días cunha intensa programación composta por obradoiros, charlas e mostras orientados ao emprendemento e á mellor empregabilidade das persoas con ideas de novos negocios ou en busca dunha nova filosofía de traballo.

Asistiron unha media de 30 persoas a cada unha das actividades celebradas na Casa dos Alonso durante as mañás e as tardes do xoves e o venres, namentres na mañá de hoxe celebrouse a derradeira charla e unha mostra do tecido empresarial guardés.

Os obradoiros ofertados, de 4 hora de duración cada un, acadaron o máximo de persoas inscritas durante as xornadas e orientáronse cara a formación dos participantes. Así, os formadores Susana Rodríguez, José Fonterosa e Sonia Fernández aportaron aos asistentes ferramentas útiles e necesarias tanto para emprender como para realizar unha busca efectiva de emprego, tales como a identificación das posibles fontes de financiamento, as técnicas de marketing dixital (mellora da propia imaxe a da empresa) e a motivación e xestión emocional no proceso a través do coaching.

As charlas, pola súa parte, caracterizáronse polo seu carácter divulgativo e participativo. Os participantes puideron compartir



as súas experiencias, opinións e/ou dúbidas respecto de temáticas como as formas de traballo colaborativo, o emprendemento levado a cabo por mulleres e a creación de empresas de nova xeración, coñecidas como start ups. Nesta liña, a artesá Eva Carreira deu conta na tarde do venres do bo resultado de combinar a tradición e as novas tecnoloxías, poñendo como exemplo a súa empresa Zoclos, dedicada á elaboración e venda de zocos galegos modernizados e con variedade de deseños.

O peche desta primeira edición da Feira de Emprego e formación viu esta mañá da man do formador Pablo G. Fortes cunha charla motivacional centrada na importancia da actitude como unha cualidade potenciadora das habilidades persoais e o coñecemento adquirido. Deseguido, dez emprendedores locais tomaron o

testemuño, coa colocacións de expositores e a celebración dunha mesa redonda. OR.PA.GU, AGA Formación, Xardinería San Xerome Emiliani, Alento, Grupo Arlequín, Redeiras Atalaia, Crespum, SAFIT e a deseñadora gráfica Tamara Baz foron as dez empresas participantes na variada mostra do tecido empresarial guardés, durante a que faláron da súa actividade, o seu modelo de negocio e o desenvolvemento das súas empresas.

Dada a boa acollida destas xornadas, para as que contamos co financiamento da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia, dende o Concello da Guarda temos a firme vontade de retomar anualmente a celebración da Feira de Emprego e Formación "ImaxinActivate", como maneira de animar ao emprendemento na nosa vila á empregabilidade das guardesas e guardeses.

A exposición "Proxecto táctil" no Centro Cultural da Guarda

Do 19 de outubro ao 4 de novembro terá lugar no Centro Cultural da Guarda a exposición "Proxecto táctil", composta de obras contemporáneas realizadas por estudantes da facultade de Belas Artes de Pontevedra (UVigo).

A mostra componse dunha dúzia de creacións concibidas para poder tocarse e manipularse, de xeito que o público se poña na pel das persoas cegas e experimente a exposición. Trátase de, evitando a información que nos facilita a visión, e a través da exploración háptica, acadar a intuición da forma, un modo pouco habitual de achegarse á arte contemporánea. Tocando poderemos comprender os procedementos cos que foron construídas, mediante moldes, trenzados, cosidos...



PROXECTO TÁCTIL

"Proxecto táctil" é unha iniciativa impulsada pola Deputación de Pontevedra en colaboración coa Facultade de Belas Artes da Uvigo e a ONCE.

Obradoiro sobre técnicas para falar en público

Obradoiro "Comunicación eficaz: técnicas para falar en público", programado para os días 19 e 24 de outubro, ten que cambiar as súas datas de instrución por razóns ligadas á saúde da formadora. O taller celebrarase finalmente os días 26 de outubro e 2 de novembro, mantendo o seu horario orixinal (de 17 a 20 horas) na Casa dos Alonso.

No obradoiro traballaranse as técnicas de comunicación verbal

e non verbal, a escoita activa, a asertividade e a empatía, así como os mecanismos para superar o medo a falar en público. Buscarase mellorar a comunicación social, así como as relacións no medio laboral ou en outros ámbitos da vida cotiá.

As persoas interesadas poderán obter máis información e inscribirse na oficina da OMIX situada na Casa do Concello, no teléfono 986 614 546 ou ben no mail: informacion@aguarda.es.



NOVAS DA RAIA

O BNG organiza no Baixo Miño, coa colaboración da Organización Galega de Montes, un acto público sobre o futuro do monte comunal.

Galiza ten a maior parte do seu territorio como superficie forestal, 1,8 dun total de 2 millóns de hectáreas, unha cifra moi superior aos países do entorno nos que a situación é a inversa e teñen unha superficie agraria utilizada maior ca destinada a monte.

O BNG considera “fracasada” a política impulsada polos sucesivos gobernos do Partido Popular “centrada no monocultivo forestal” con especies de baixo valor engadido como o eucalipto.

É hora de acabar co abandono do monte galego como maneira de recuperar unha parte clave do territorio e do medio rural, e, para profundar neste eido, o Bloque Nacionalista Galego organiza coa colaboración da Organización Galega de Montes, un acto público aberto, este sábado 21, a partir das 11:00 na Casa da Cultura de Estás, no que intervirán Sandra González (alcaldesa de Tomiño), Xosé Alfredo Pereira (presidente da Organización Galega de Montes) e Xosé Luis

Rivas “Mini” (deputado no Parlamento Galego). Visitaranse tamén proxectos levados adiante pola Comunidade de

Montes Veciñal e Man Común de Estás. Para asistir cómpre reservar praza no : 616090632/baixominho@bng.gal.



ACTO PÚBLICO ABERTO bng
“O Futuro do Monte Comunal”

Sábado 21, ás 11:00, na Casa da Cultura de Estás (Tomiño)

Intervenien:
 -Sandra González: alcaldesa de Tomiño
 -Xosé Alfredo Pereira: presidente da Organización Galega de Montes
 -Xosé Luis Rivas “Mini”: deputado no Parlamento Galego

Visitaremos os proxectos da Comunidade de Montes Veciñal e Mancomún de Estás

Reserva a túa praza no : 616090632/baixominho@bng.gal.

María Fumaça presenta en Tui o seu novo espectáculo “Aire”



Onovo espectáculo de María Fumaça chega este sábado día 21, ás 19h, ao Teatro Municipal de Tui. Trátase de “Aire”.

Dirixido por Uxía Senlle conta con Pablo Pastor na escenografía e Isaac Palacín no son.

Sobre o escenario para interpretar as cancións deste novo traballo estarán Uxía, voz; Magín Blanco, guitarra e voz; Sergio Tannus, cavaquiño

e voz; Santiago Cribeiro, acordeón; Antonio Castillo, contrabaixo; Raquel Domínguez, gaita; Pablo Ces, bombo; Oli Xiráldez, requinta e Ana Domínguez, Chus Domínguez, Andrés Giráldez, Tatán e Blanque, voces.

Durante 70 minutos a locomotora musical de María Fumaça presentará o seu novo espectáculo “Aire” con novas latitudes musicais, acompañada

das pola ilusión de sempre e cheos de entusiasmo.

Entradas á venda, ao prezo de 5€ e 4€, dende o mércores ás 00h en www.culturatui.info e no despacho de billetes dende o sábado ás 17.30h. As entradas están á venda aos prezos de 5€ e 4€ en www.culturatui.info ata o sábado ás 12h ou o sábado dende ás 17.30h no despacho de billetes.

Ciclo «Cinema de outono»

A Guarda estreará o ciclo «Cinema de outono» este venres día 17 co filme «La chica danesa» no Centro Cultural ás 21:00 horas. Trátase dunha película dramática baseada na historia orixinal dunha parella de artistas daneses cuxa vida marital da un xiro cando o home adopta unha aparencia feminina.

A serie cinematográfica completárase o próximo 17 de novembro, coa proxección da película «Sully», ás 21:00 horas no Centro Cultural. No filme, tamén baseado nunha historia real, achegarémonos á

vivencia do piloto aéreo que no ano 2009 realizou unha aterraxe de emerxencia en pleno río Hudson por mor dunha avaría. O veterano piloto terá que afrontar un minucioso análise a fin de determinar se a decisión tomada foi unha heroicidade ou froito da imprudencia.

«Cinema de outono» é unha iniciativa da Concellería de Cultura que busca ofrecer alternativas de ocio e cultura de calidade na nosa vila. As películas, de acceso libre e gratuito, diríxense a un público mozo e adulto.



II Encontro de Coros Eurocidade Tui-Valença

Aunión entre as cidades de Valença e Tui temse reforzado desde a súa creación através de inúmeras iniciativas. O ano pasado, deu-se o primeiro paso desta unión através da música coral, com o I Encontro de Coros da Eurocidade, realizado em Tui, pelo Coral S. Telmo e o Ayuntamiento de Tui.

Este ano, o Coral Polifónico S. Teotónio, com o apoio da Câmara Municipal de Valença, organiza o II Encontro no auditorio CILV o dia 21 de Outubro ás 21:00h.

Os grupos participantes son a Coral do Centro Sociocomunitario de Tui, Polifónico Ponte de



Febres - Ribadelouro, Coral Polifónico de Verdoejo - Valença, Coral San Telmo - Tui e Coral Polifónico S. Teotónio - Valença.

A Mesa respóndelle á Valedora do Pobo que debe deixar de atacar a lingua

A Mesa pola Normalización Lingüística respóndelle á Valedora do Pobo, Milagros Otero Parga, que debe deixar de empregar a institución para desprezar a lingua e darlle amparo aos casos de vulneración de dereitos lingüísticos. A última acción da institución foi promover a desaparición do galego dos sinais de tránsito en Gondomar.

A Mesa recibira recentemente un novo escrito da Valedora do Pobo, no que ampara a eliminación do galego nos sinais de tránsito en Gondomar e no que ademais xustifica a deturpación dos nomes de núcleos de poboación e outros topónimos “cando sexa necesario e a efectos de identificación”. A Valedora actúa como se non existir a Lei de Normalización Lingüística, que no seu artigo 10 especifica que Os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega” así como que estas denominacións son as legais a todos os efectos. Outra da normativa que a Valedora pretende pasar por alto nesta resolución é o decreto Decreto 219/1998, do 2 de xullo, onde aparecen as formas toponímicas xenuínas e oficiais correspondente ás entidades de poboación das provincias de Pontevedra.

Hoxe mesmo, a Valedora lonxe de rectificar, afonda nos ataques á lingua propia de Galiza, xa que xustifica que o galego non vale para a normativa de tráfico. A iniciativa da Garda Civil de Gondomar e da propia Valedora acaban de eliminar varios sinais de tráfico que levaban anos en galego sen que isto xerara ningún tipo de problema agás

para a propia Garda Civil e a Valedora do Pobo. Cabe destacar que a Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias establece no seu artigo 10 que “as autoridades locais dos territorios nos que exista lingua propia deben fomentar o uso da lingua na administración”.

Para o presidente da Mesa Marcos Maceira, a actitude da Garda Civil e da Valedora non son novas. No primeiro caso chegaron a deixar de tramitar unha denuncia por estar realizada en galego, no segundo chegou a denegar amparo a unha nena de 9 anos que sufría abuso de autoridade dun profesor por escribir Galiza nunha redacción. Neste caso a valedora ampara un cuartel da Garda Civil onde se discriminan cidadáns por falaren na súa lingua facendo xustamente o contrario da súa función.

Para Maceira “a Valedora actúa nas cuestións relacionadas coa lingua galega cunha visión ideolóxica e sectaria empregando a institución para atacar e desprestixiar o uso do galego”. Foi por iso e por outras queixas que a Valedora rexeitou polas que A Mesa pediu a súa dimisión hai unha semana. “A Valedora está a converter en inútil a institución que representa, limitándose a xustificar a acción dos poderes públicos en moitas ocasións con máis veheencia e rotundidade que os mesmos poderes públicos”. Para o presidente da Mesa Milagros Otero “actúa como se for unha especie de curmá do zumosol das institucións, non só no caso do galego mais si con maior belixerancia cando se trata da lingua propia de Galiza”.

Foro «Corpos escravizados. Escravitudes no século XXI» en Compostela

As persoas non son cousas. Iso parece estar claro. Pero a verdade é que non o está.

Cando un grupo de mozos sae a festexar unha despedida de solteiro non é infrecuente que rematen nun club de alterne. O mesmo sucede coas mozas cando contratan os servizos dun «boy». «É só para divertirse». «Non hai maldade». «Todo o mundo o fai». Pero o que si hai é consumo, prezo, mercadería, uso e pagamento.

Quen paga manda. E o que cobra obedece. E neste caso o comercio é o corpo da persoa mercada ou alugada.

¿Non son cousas as persoas?

Fulaniña límpame a casa. Pásalle o ferro á roupa e recolle aos nenos no colexio. Non ten contrato, nin seguridade social, nin papeis, pero non importa porque somos nós quen lle facemos un favor a ela dándolle traballo. Pagámoslle en efectivo. É dicir, en negro. En cartos sen declarar. E cremos que facemos ben. Polo menos, non demasiado mal. «Todo o mundo o fai». «Non hai maldade». «Ela saca beneficio».

O próximo 21 de outubro a Asociación Cultural «Encrucillada» celebrará o seu XXXII Foro no Auditorio de Abanca, en Santiago de Compostela. De 10.00 a 19.00.



Centrarase, precisamente, nesta cuestión de tanta actualidade dado o crecente problema da trata de persoas. España é un centro europeo privilexiado de recepción e distribución de persoas escravizadas en todo o continente europeo.

O título do Foro é, xa que logo, «Corpos escravizados. Escravitudes no século XXI». E contaremos coa presenza altamente cualificada da prof. Carmen Menezes, experta no problema da prostitución, docente na Universidade Pontificia Comillas. E tamén, con Elena Arce, da Oficina da Defensora do Pobo, experta en explotación laboral.

O Foro terá pola tarde unha mesa redonda onde Lourdes Pazo, Mercedes Andrade e Olaia Rodil abordarán as cuestións relacionadas cos ventres de aluguer, o emprego doméstico e a prostitución en Galicia.

O broche de ouro porao a escritora e académica Marilar Aleixandre cun recital poético.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03

NOVAS DA RAIA

Novos órgãos autárquicos em Monção

Por Fernando Silva

Decorrente das eleições autárquicas realizadas a 1 de outubro, o ato de instalação dos novos órgãos autárquicos (Câmara Municipal de Monção e Assembleia Municipal de Monção) para o quadriénio 2017/2021, tomam posse quatro elementos do PSD e três do PS. António Barbosa será o novo presidente da autarquia monçanense, substituindo Augusto de Oliveira Domingues que liderou o município nos últimos quatro anos.

A Assembleia Municipal de Monção será constituída por 12 deputados do PSD, 11 do PS e 2 do CDS/PP. Nas eleições, a força política com maior número de votos foi o PSD, encabeçado por Armando Fontainhas. Após a cerimónia de tomada de posse, abrangendo também os 24 presidentes de junta de freguesia eleitos, teve lugar, no Cine Teatro João Verde, a primeira reunião daquele órgão.

PSD conquista autarquia após 20 anos de governação socialista

Após duas décadas de governação socialista, o PSD volta a conquistar a Câmara Municipal de Monção. António Barbosa é o novo presidente da autarquia local com maioria absoluta. Num total de sete elementos com assento no executivo municipal, o PSD conseguiu quatro e o PS três. O CDS/PP perdeu o vereador que tinha.

Traduzido por números, o PSD obteve 5774 votos (47,01%), o PS conseguiu 5282 votos (43,00%) o CDS/PP alcançou 605 votos (4,93%) e o PCP/PEV chegou aos 128 votos (1,04%). Num total de 12.283 votantes, houve ainda 263 votos em branco (2,14%) e 231 votos nulos (1,88 %).

Relativamente ao último ato eleitoral autárquico, em 2013, o PSD aumentou o seu

resultado em 1035 votos. Por sua vez, o PS teve mais 539 votos. O CDS conheceu uma descida acentuada, passando de 2221 para 605. O PCP/PEV também desceu, alcançando 128 votos contrariamente aos 206 de 2013.

Armando Fontainhas vence eleições para a Assembleia Municipal

Tal como há quatro anos, Armando Fontainhas voltou a ganhar as eleições para a Assembleia Municipal de Monção, conquistando 5480 votos (44,61%) mais 443 votos que o candidato do PS, José Emílio Moreira, que conseguiu 5037 (41,01%). A terceira força política foi o CDS/PP com 1027 (8,36%) e a quarta o PCP/PEV com 192 votos (1,56%)

Contas feitas, o PSD elegeu 12 deputados municipais (mais 2 em relação a 2013) o PS chegou aos 11 (mais 2 em relação a 2013) e o CDS/PP ficou-se pelos 2 (menos 3 em relação a 2013). Refira-se que, em 2013, havia sido eleito um representante do BE, força política que este ano não concorreu a nenhum órgão.

Com 12.283 votantes, equivalente a uma taxa de votação de 60,09%, estando 20.442 pessoas inscritas nos cadernos eleitorais, verificaram-se ainda 315 votos em branco (2,56%) e 232 votos nulos (1,89%).



10 juntas do PSD, 8 Independentes e 6 do PS

O resultado eleitoral do passado dia 1 de outubro traduziu-se num novo mapa autárquico no concelho de Monção com 10 juntas do PSD, 8 independentes e 6 do PS. Em termos globais, o PSD alcançou 4457 votos (36,32%), o PS atingiu 3671 votos (29,91%) os independentes conseguiram 2656 votos (21,64%) e o PCP/PEV ficou-se pelos 39 votos (0,32%).

Em relação a 2013, verificaram-se alterações em Messegães, Valadares e Sá, passando de independente para o PSD, em Sago, Lordelo e Parada, que transitou do PS para o PSD, e em Trute, antes PS e agora Independente. Referência ainda para os 573 votos em branco (4,67%) e para os 298 votos nulos (2,43%).

Município comparticipa compra de medicamentos a 50 idosos com rendimentos e pensões baixas

Cartões de banda magnética para utilização nas 6 farmácias do concelho, parceiros da autarquia na implementação do programa de Comparticipação Municipal em Medicamentos, começaram a ser entregues esta semana. O valor anual por pessoa não poderá ultrapassar 160 euros, correspondendo ao montante de 8 mil euros inscrito no orçamento municipal.



Semana da Alimentação Saudável

Ao longo da semana estão previstas sessões temáticas sobre alimentação mediterrânea nas escolas do concelho para alunos do 1º Ciclo do Ensino Básico. A ideia é “dizer” às crianças que bons alimentos proporcionam saúde e bem-estar.

No dia 19, quinta-feira, o Cine Teatro João Verde recebe várias sessões de teatro-debate “O corpo é que paga” destinadas a alunos do 9º ano de escolaridade. Promovidas pela “Usina”, associação dedicada a projetos de intervenção social, tem como finalidade levar os jovens a refletir sobre as adversidades resultantes de uma alimentação pouco cuidada.

No dia 21, sábado, entre as 10h00 e as 13h00, realiza-se um workshop para adultos sobre nutrição infantil saudável denominado “Nutrição & Culinária: O que devemos cozinhar para as crianças?”. Destina-se a pais, mães, encarregados de educação e professores.

A iniciativa decorre na Escola Profissional de Monção, sendo necessária a respetiva inscrição (gratuita), até 19 de outubro, para os seguintes contactos: servicosociais@cm-moncao.pt e T. 251 649 000. Os formadores são a nutricionista Goreti Silva e o chefe de cozinha Hugo Martins, da “Divercook, learn by cooking”.

O workshop conta com uma parte teórica, uma parte prática e degustação. Na

parte teórica, serão abordadas questões como educar nutricionalmente as crianças, como evitar carências alimentares infantis e em que situações se deve fazer suplementação.

Na componente prática, serão confeccionadas iguarias aconselhadas para as crianças, fáceis de cozinhar, económicas e nutricionalmente adequadas. Depois, segue-se a degustação dos produtos confeccionados.

A Semana da Alimentação Saudável é promovida pelo serviço educativo da autarquia monçanense com o apoio do Agrupamento de Escolas de Monção e da EPRAMI, polo de Monção. Refira-se que o município dedica o mês de outubro ao desporto através da realização de uma prova de BTT, dois trilhos pedestres e dois trails.



MONÇÃO

Diretor Regional de Agricultura do Norte visitou áreas mais afetadas pelos incêndios

O Diretor Regional de Agricultura do Norte, Manuel Sousa Cardoso, esteve esta manhã no concelho de Monção, tendo visitado algumas das freguesias mais atingidas pelos incêndios do último fim de semana. Ao início da tarde, deslocou-se à Adegas Cooperativas Regionais de Monção.

Nesta visita ao nosso concelho, aquele responsável pode constatar no terreno os enormes prejuízos dos incêndios junto das populações locais, deslocando-se a quintas de produção de vinho Alvarinho afetadas e a unidades de produção animal atingidas.

Neste périplo pelo concelho, com maior incidência no Vale do Mouro, Manuel Sousa Cardoso, acompanhado pelo autarca monçanense, Augusto de Oliveira Domingues, falou com diversas pessoas que lhe deixaram testemunhos emocionados de horas aflitivas.

O responsável transmitiu aos populares a sua total disponibi-



lidade para superar esta situação extremamente delicada e deixou claro que existe predisposição governamental para solucionar todas as adversidades resultantes deste flagelo que, em Monção, teve início na noite de sábado e terminou na manhã de segunda-feira.

O panorama é desolador com mantos verdes agora transformados em cinza e com muitos imóveis desabitados e anexos totalmente destruídos. Há casos de empresas fabris afetadas e de

um património secular, simbolizado pelos espigueiros, completamente danificado.

A memória de um povo foi atingida mas a sua força, evidenciada no decorrer dos incêndios, continua ancorada na partilha de esforço e no sentido de entreatajuda. Agora é tempo de limpar as feridas, apurar os prejuízos e apresentar os respetivos relatórios. Porque este povo unido que esteve uns para os outros precisa agora de outro apoio. O apoio governamental.

Incêndios destruíram 35% do território concelhio

Numa primeira avaliação, embora provisória, os incêndios do último fim de semana, que tiveram início no sábado à noite e estabilizaram na manhã de ontem, destruíram 6 mil hectares do território concelhio, o equivalente a 35 por cento da totalidade do nosso concelho.

As consequências são nefastas e trágicas em várias vertentes, estando, neste momento, a decorrer o respetivo levantamento pormenorizado das situações detetadas para entregar às autoridades no âmbito do estado de calamidade pública decretado pelo governo português.

Os utentes dos lares de idosos de Barbeita e Merufe foram evacuados, tendo passado a noite no pavilhão desportivo da vila. Regressaram a "casa" na manhã e início da tarde de ontem após "luz

verde" das autoridades. Um trabalho feito pelos funcionários dos lares, APPACDM, Cruz Vermelha, Agrupamento de escuteiros, corporação de bombeiros e muitos trabalhadores municipais.

O Município de Monção reafirma a solidariedade com as vítimas deste flagelo e agradece a todas as instituições e associações locais e regionais (não enumeramos porque são muitas e podemos esquecer alguma) pelo forte empenhamento demonstrado nesta situação difícil e penalizadora para o nosso concelho.

Uma palavra particular, cheio de orgulho, para os nossos bombeiros que, mais uma vez, foram um exemplo de voluntarismo, altruísmo e coragem. Um reconhecimento enorme a toda a população pelo esforço partilhado e sentido de entreatajuda neste momento delicado.

Universidade Sénior de Monção

As aulas da Universidade Sénior de Monção, que comemora dez anos de existência, têm início. A receção aos alunos e respetiva sessão de abertura, realizou-se, ontem à tarde, no auditório da Biblioteca Municipal de Monção.

Tendo como objetivo a partilha de ideias e saberes, a Universidade Sénior de Monção conta, no ano letivo 2017/2018, com meia centena de alunos inscritos, sendo ministradas as disciplinas de dança; corpo, mente e bem-estar; hidroginástica; artes decorativas; pilates; património imaterial, informática; música e workshops.

As aulas realizam-se no Complexo de Piscinas Municipal, Arquivo Municipal, Quartel dos Bombeiros Voluntários de Monção e Escola Profissional de Mon-



ção. A mensalidade é de 20,00 € acrescida, apenas no primeiro mês, de 12,00 € para o pagamento do seguro. Todas as atividades extracurriculares são pagas à parte.

O plano de atividades engloba ainda diversas atividades de enriquecimento pessoal como oficinas de trabalho, palestras, tertúlias, exposições, caminhadas, festas temáticas, viagens de estudo e intercâmbio com outras universidades seniores existentes no país.

Levar cultura e reavivar memórias

Lembram-se da Biblioteca Rural Itinerante? Veículo com estantes de livros e acesso às novas tecnologias que percorria as escolas do primeiro ciclo do concelho, levando livros e filmes aos mais pequenos. Iniciou-se em 2004, um ano após a inauguração da Biblioteca Municipal de Monção, passando a fazer parte da atividade regular daquele equipamento.

Nos primeiros anos, constituiu um importante incentivo à cultura. Depois, com a opção política nacional de concentração de estabelecimentos de ensino, este interessante e aliciante projeto pedagógico perdeu fôlego, acabando por ganhar nova vida num desafio muito parecido com aquele que esteve na origem da sua criação.

De que forma? Primeiro com uma denominação diferente. Passou a chamar-se "Biblioteca Itinerante - Baús Volantes". Segundo com um público dis-



tinto. A sua função direcionou-se para os idosos institucionalizados do nosso concelho. Pessoas que passam grande parte do dia nos centros de convívio das instituições sociais.

Desde 2012, o objetivo passou a ser levar cultura e reavivar memórias dos nossos idosos através de uma deslocação mensal às instituições sociais concelhias que manifestaram vontade em associar-se ao projeto. Depois de um período de férias, reiniciou-se, com uma visita a Troviscoso.

OPINIÓ

Contos de Outono

Por Ramón Coira Luaces

Xa que levamos a fama...

Ían unha vez nun coche tres concelleiros que gobernaban xuntos: un era galego e moi popular, o segundo levaba unha camisa laranxa e o terceiro non facía máis que dicir que el era de esquerdas. Ían conducindo pola estrada, despois dunha festa, cando viron un coche que ía diante con matrícula de Barcelona e un cat e unha bandeira independentista pegados ao lado da matrícula. "Pítale a ese", dixo o popular e foron detras pitándolle varios kilómetros, berrando todo tipo de improprios e ameazas. Fascistas, hijos de puta era

o máis suave que lles dicían. Os cataláns seguían conducindo, pero tomaron un desvío por ver se se libraban do acoso e desa presión. Pero os outros seguíronos e empezaron a chocar o coche contra o deles. Era unha manobra moi perigosa, pero estaban decididos a facelo para democraticamente, ata que o galego, lembrando as veces que lle tiñan chamado fascista, dixo en galego (escapou-selle): "Sabedes o que vos digo, xa que levamos a fama, levemos o proveito". Adiantounos e xirou o volante. O choque foi brutal pero aínda puido ser peor...

Baixáronse todos magullados. Os concelleiros adoecidos, culpando ós outros do accidente, colleron unhas porras que, casualmente levaban no maletreiro e obrigaron a saíren do coche á familia catalana: unha señora maior, un señor, un rapaz de catorce anos e unha moza de vinte. "Pero que vos pasa, estades tolos?. As cousas é mellor falalas. Se tedes algún problema, falámolo civilizadamente" Os outros foron moi claros (al pan pan y al vino vino): "Colledes o coche e dades a volta agora mesmo, volvendo por onde viñestes", dixo un no idioma cervantino. E como os cataláns eran reacios a cambiar o seu itinerario, os concelleiros comenzaron a hostias

con eles. O chaval -inconsciente el- intentou defenderse. E niso chega a policía española. Todos falaban o mesmo idioma, pero os cataláns tiñan un acento pechado e non se lles entendía ben. Foi por iso, polo que foron expostos pola policía e acabaron en comisaría, acusados de provocar un grave accidente de tráfico. Aínda queda o xuízo... e a esperanza nunca se perde. Pero eu coido que o xuíz vai acabar dicindo: "Xa que levamos a fama..."



Arde Galiza

Este é o contexto dos incencios que a solan Galiza: O nacionalismo galego cambiou o seu rumbo e buscou novas amizades e alianzas internas. Apoiamos claramente as aspiracións do pobo catalán. Somos

republicanos e queremos unha República Galega. Todo isto amola e parece que desestabiliza ao Estado e podería ser que algúns dos máis fanáticos defensores do status quo nos golpeen desta maneira. Non teño probas, pero

se as tivese tampouco iría á Xustiza española, por parcial e arbitraria. O fascismo e o imperialismo son capaces de calquera cousa -xa o demostraron no pasado e o demostran día a día- con tal de manter a sacrosanta unidade da "patria común e indivisible". Para eles o dereito de

conquista é sagrado. Pero lembrovos que perderon Portugal, Latinoamérica, Cuba, Filipinas, Marrocos,... O seu Imperio cada vez vai a menos...




Arde Galiza Unha vez máis, Basta xa!

Orgullo de pobo, vergonza de Goberno. O pobo galego pelexou contra o lume e protestou contra a ineficacia e deixadez de funcións da Xunta de Galiza. Temos un Goberno e un Presidente da Xunta máis preocupados pola seguridade do Réxime e da Coroa española

que pola seguridade do noso patrimonio natural. Como dicía Castelao, vale máis unha terra con árbores nos montes que un Estado con ouro nos bancos. Según argumenta a xente máis entendida no tema, a política forestal actual é nefasta para os nosos montes. Desta vez morreron catro

persoas (e no veciño Portugal 36), D.E.P. Agora é o momento de exixir responsabilidades políticas e de pedir a dimisión de Feijoo, como xa pediu a voces a xente na rúa. A Xunta e o Goberno Central fan o paripé. A súa preocupación é manter-nos baixo a súa bota, na pobreza, en sumisión e en silencio; mentres eles defenden as súas prebendas e fan lucrativos ne-

gocios. Defendamos a democracia, a Galiza e ao socialismo e non apoiemos aos impresentables que nos gobernan.



por: **Baldomero Iglesias Dobarrio**

Era Sabido!

O déficit de democracia que nos habita, agora, coma sempre se fai máis patente. Era necesaria unha situación como a que estamos a pasar, para evidenciar plenamente a baixa condición da suposta democracia. Ríos de sangue e tinta falaron da transición encoberta que abriu a espita do aire fresco, pero todos sabíamos do moito que aínda non se soubera, dos silencios pactados baixo cláusulas de medo, das componendas e corruptelas do sistema que se resistía feramente a fenecer. A Memoria Histórica, nin memoria nin reposición. Por exemplo o Pazo de Meirás. Seguen campando felizmente e, supoño, rindo dos demais con aire de suficiencia e de pleno dominio da razón. Coidarán que isto é o legal. Gobernan o que é dos demais, é dicir roubaron e nesas acomóndanse ás fórmulas vixentes que a transición, agora se sabe, non soubo limitar nin rexeitar, tal como debiera. Vivimos, dalgún xeito, gobernados por un tardo franquismo que aínda habita leis e

comportamentos. Leis que constan no papel e leis que se interpretan ao vello modo abrasador e cativo. Onde está a liberdade de expresión e a liberdade para definirse, para puntualmente chegar á acordos que dite a maioría? Aí temos Cataluña, mirade os métodos de represión e de alzamento de bens –ou a democracia non é un ben?. Os métodos perversos de corrosión das institucións plenarias. Xa se ve como se corta a espita das decisións diferentes e da economía. Vémolos no medo que se transmite. Chámase “aplicación do 155” entre os odios e xenreiras. Todo por falta de entendemento, por falta de consideración, por abuso de poder –con leis que fixeron, xa non para conciliar senón para escudarse. Por non querer deixar que cada quen se governe satisfeito e libre. Pero non é o Pobo o que máis ordena? Queren encarcerar a todo un pobo, ao 50% del? Ignoran que o 80% dos cataláns piden poder votar. Van seguir a mandar xuíces da mesma corda e policía para resolver pro-

blemas políticos? Vai seguir, o PP, falando mal do cava catalán e prohibíndolle aos seus afiliados celebrar con ese viño os encontros, botando gasolina ao lume, como fixo xa en tempos o Sr. Aznar? Van seguir dicindo que son “hilillos de plastilina”. Quen o dixo hoxe é presidente do goberno do estado! Van seguir negando o dereito de querer máis competencias para o autogoberno, de prohibir a evolución dos deostatados estatutos que aínda son unha enchente de veleidades perversas, como xuntar provincias e limitar orzamentos mentres eles manexan os cartos e prazos, os modos de inversión? Van seguir coa cooficialidade subalterna dos nosos idiomas, evidenciando o que eles entenden por xustiza e coa conta eficaz do que entenden por igualdade? Eses detalles e moitos outros da evolución da xustiza, da aplicación da mesma, das distintas reboas e alturas – véxanse as vacacións que se pegou, este ano, aquel duque-cuñado – mentres os “supostos terroristas” de Galiza acatan xa condena por mor dunha sospeita e, involucrados, por falta de probas. E van seguir chamándolles roxos separatistas “de

mierda”, co emprego da súa lingua como arma ofensiva? Todo isto, ademais de desorbitarnos, dános a evidencia exacta do que ocorre, do retroceso social, do déficit democrático que padecemos, do desequilibrio social viciado por ricos tan ricos e pobres tan pobres, ou da toma dos medios de comunicación que menten máis do que din, das profundas miserias de amiguismos, da tristura da xente que non ve saída, da volta atrás, daquel recendo putrefacto da ditadura que volve cheirar, da perda no uso da Nosa Lingua con esta lexislación inxusta e desequilibrada, do retroceso en sanidade e educación, da ofensa cos dependentes. Esqueceron, pobre de nós, que a política debiera partir dunha vocación de servizo público, que xogan coa baralla marcada e cos nosos cartos, cos nosos intereses –alén das ideas, e por iso todo ule tan mal. É a podremia e falta de liberdades tanto tempo despistadas.

**Xosé González Martínez****Presidente da Fundación L. Peña Novo**

A memoria da lingua na paisaxe

A paisaxe galega atesoura unha rica memoria cultural e lingüística que definiu ao pobo que a habita. Cada anaco da súa terra: montañas e serras, fragas, soutos, carballeiras, ríos e rías, lameiros e veigas son escenarios con cada-seu nome, e todos eles evocadores do imaxinario popular. De aí que os seus habitantes mantivesen unha forte unión entre a lingua e a paisaxe; entre a cultura e os espazos xeográficos aos lles foi poñendo nomes para identificalos, alusivos ás súas peculiaridades ou propiedades naturais.

Dez millóns de topónimos acreditan a relación dun pobo que sentiu sempre como propios os eidos nativos nos que naceu e se criou, coñecendo con prodixiosa memoria eses espazos territoriais, porque a paisaxe está chea de vida. Froito desa relación é a saudade que tanto caracteriza a nosa sicoloxía. Rosalía de Castro expresou poeticamente esa ruptura dramática entre o home e a terra (“Adiós ríos, adiós fontes,/ adiós regatos pequenos,/ adiós vista dos meus ollos,/ non sei

cando nos veremos./Prados, ríos, arboredas/pinares que move o vento,/paxariños piadores,/casiña do meu contento”). Ese fondo sentimento que derivou no pan-teísmo de cultura á terra sempre foi superior ao doutras terras próximas a nós.

Os nomes da fauna e flora, dos oficios, recoñecidos nos apelidos, as denominacións das construcións populares (cabaiceiro, palleira, cruceiro, muiño...), foron arrequecendo o patrimonio lingüístico que tiñan nos adros parroquiais ágoras abertas para o coñecemento e sociabilización da cultura popular para debates democráticos sobre a xestión dos bens comunais.

Maís esa harmonía entre a paisaxe e a cultural desdubuxouse excepcionalmente nos compartimentos estancos dedicados aos cemiterios. Neles están depositadas as memorias dos seus moradores, daqueles que aprenderon a falar un idioma común que tiveron como propio toda a vida deica a súa morte, e que polas malas fadas dos avatares históricos os que sempre foron galegofalantes, agora son lem-

brados polas súas lápidas escritas nun idioma que nunca falamos.

Hai, pois, unha clara desharmonía entre as dúas parroquias que conviven nun mesmo territorio, a dos vivos e a dos mortos. Non se entende que para comunicar os afectos do espírito non se empregue a lingua do berce, “porque extendendo o idioma exténdese a Patria” como dixera o activista galeguista Arturo Noguerol, cuxos restos aínda están sen identificar nunha foxa común desde agosto de 1936.

A Asociación de Funcionarios para Normalización Lingüística de Galicia no intento de reparar ese perturbador comportamento das nosas xentes levadas por vellas inercias históricas, instituíu hai ben anos o Día da Restauración da Memoria Lingüística de Galicia cadrando a súa celebración cos días anteriores ao de Defuntos de tanta tradición na nosa cultura popular.

En galego, agora e sempre, ese é o lema de tales celebracións. O que principiou sendo unha iniciativa cos receos dalgúns sectores do galeguismo político e cultural, hoxe acadou predicamento coa colaboración de moitos concellos que programan actos para sensibilizar á veci-

ñanza na importancia de utilizar o noso idioma nas exequias fúnebres.

A partir do próximo día 15 do mes que andamos están previstos moitísimos actos que inclúen a colocación dunha placa na porta dos camposantos co seguinte texto: “Na memoria de todos os que xacen aquí, porque grazas a eles Galicia segue a ter cultura e lingua de seu”; ao tempo que, nalgúns casos, se procederá a substituír lápidas en castelán por outras en galego coa autorización expresa dos familiares dos defuntos.

A mellor maneira de honrar a memoria dos nosos devanceiros é restituirlle a cultura e lingua na que se expresaron en vida. Apelamos aos concellos que aínda non secundaron esta celebración do Día da Restauración da Memoria Lingüística, ao movemento asociativo e a cantos profesan a cotío unha militancia cívica de galegitude para que se animen a reparar un anacronismo que non debe durar máis tempo.





129€

DESHUMIF. 10L. DAITSU

ADDE10

Capacidad deshumidificación :30ºC, HR 80%. Refrigerante Ecológico. Sencillo panel de mandos de fácil manejo. Ligero y compacto, con ruedas para fácil manejo. Nivel sonoro 43 dB. Área de aplicación: 14 m2. Depósito: 3,6 - 4 l. Apagado automático depósito lleno. Peso neto: 15,5 Kg. Dimensiones: 343 x 260 x 523 mm.



85€

ESTUFA CERÁMICA ORBEGOZO

HCE73

Potencia: **4200 W**. Consumo máximo 305 g/h. Tres niveles de potencia. Encendido automático mediante pulsador. Gas Butano. Asas para transporte. Ruedas pivotantes multidireccionales. Peso: 8 Kg. Dimensiones: 420 x 740 x 350 mm.



39€

CALEFACTOR ORBEGOZO

CR6025

Calefactor cerámico 360º. Alta eficiencia de calefacción. Calefacción 360º, emite calor hacia todas las direcciones de la habitación. Termostato regulable con ajuste progresivo. Función giro fresco. 2 niveles de potencia: 750 W y 1500 W. Asa para transporte. Sistema automático de protección contra sobrecalentamiento. Gran estabilidad. Potencia: 1500 W-220-240V 50/60Hz.

CALOR ENVOLVENTE 360º

499€

SECADORA BOSCH

WTH85200ES

Secadora de bomba de calor con eficiencia energética A+++. Tambor VariaSoft. Secadora muy silenciosa: tan sólo 65 dB. Certificado ECARF. Filtro de fácil limpieza. Capacidad de carga: 8 kg. Secado electrónico por sensores de humedad. Display LED. 84,2 x 59,8 x 59,9 cm.



BOMBA DE CALOR



BOMBA DE CALOR

399€

SECADORA INDESIT

EDPA745A1

Capacidad de carga 7 Kg. Clasificación Energética: A+. Motor: Universal. Ruidosidad: 69 Db(A). 16 programas. Programas destacados: Planchado Rápido, Algodón, Programa Rápido 45', Programa Lana, Cuidado para pliegues. Opción Ahorrador de Energía. 85 x 59,5 x 61 (alto x ancho x fondo).



Asesoramiento por especialista.



Presupuesto gratuito y sin compromiso.



Servicio de transporte, y retirada de tu viejo aparato.



Instaladores especialistas.



Financiación a medida.



Master cuida el medio ambiente.

NAVIACENTER.ES

Teixugueiras, 25 NAVIA - VIGO Tel. 986 246 067
naviacenter@gmail.com

BOINSCON CENTER

Concha Brey, 4 PONTEAREAS Tel. 986 640 115
tienda@boinscon.com



MASTER

CADENA

ABIERTO TAMBIÉN SÁBADO TARDE

CONSULTE LA CALEFACCIÓN DE ENERGÍA RENOVABLE TIPO BOMBA DE CALOR CON WIFI Y HFC 75% MENOS CALENTAMIENTO GLOBAL